CONSELLO CONSULTIVO
DE GALICIA

MEMORIA
2015

IUS SEMPER PRIMUM

IUS SEMPER PRIMUM

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2015

IUS SEMPER PRIMUM

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2015

que o Consello Consultivo de Galicia en Pleno eleva ao Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril

IUS SEMPER PRIMUM

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2016

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

INTRODUCIÓN 13

II. O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA 15

1. Composición en 31 de decembro de 2015 17

1.1. Cesamento da conselleira electiva do Consello Consultivo de Galicia dona Ana Mª Otero López 18

1.2. Nomeamento e toma de posesión como conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia de don José Antonio Fernández Vázquez 18

2. Normativa reguladora 18

3. Medios 19

3.1. Persoal 19

3.2. Orzamento 2015 20

III. ACTIVIDADE CONSULTIVA 23

1. Datos estatísticos relativos aos asuntos sometidos a consulta 25

1.1. Clasificación dos asuntos por órgano solicitante 25

1.2. Clasificación dos asuntos por materias 35

1.3. Conclusión ou sentido final dos ditames 36

1.4. Comunicación das resolucións 36

1.5. Fórmula de incorporación dos ditames 36

1.6. Consultas formuladas polo trámite de urxencia 37

1.7. Asuntos aprazados 37

1.8. Relación de asuntos sometidos a consulta (anexo, 100-152) 37

2. Sesións realizadas no ano 2015 38

IV. ACTIVIDADE NON CONSULTIVA 39

1. Páxina web 41

2. Xornadas, seminarios e cursos 41

I Xornada "Consello Consultivo de Galicia-Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia" 41

3. *Practicum* da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela 42

4. Memoria anual de actividades 43

V. DEZANOVE ANOS DA FUNCIÓN CONSULTIVA 45

1. Datos estatísticos relativos aos expedientes ditaminados durante o período 1996 – 2015 47

VI. OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS 51

1. Proxectos normativos 53

1.1. Doutrina xeral sobre textos refundidos 53

1.2. Posibilidade e límites da delegación da potestade regulamentaria 56

2. Recurso de inconstitucionalidade 58

2.1. Alcance das competencias estatais en materia de telecomunicacións 58

2.2. Alcance das competencias estatais en materia de metroloxía 63

3. A revisión de oficio 69

3.1. O principio de eficacia *erga omnes* das sentenzas anulatorias de disposicións administrativas de carácter xeral en relación cos actos administrativos ditados ao seu abeiro que adquirisen firmeza con anterioridade 69

3.2. A nulidade do acto administrativo e os seus efectos nos actos sucesivos do procedemento 73

3.3. A revisión de oficio causada pola nulidade de actos administrativos de contido imposible: o aspecto material da imposibilidade 77

4. A contratación administrativa 82

A caducidade nos procedementos de resolución contractual: a suspensión do prazo máximo para resolver e a obrigatoria comunicación aos interesados 82

Determinación da nota de esencialidade nos incumprimentos contractuais 82

5. A responsabilidade patrimonial 88

5.1 A anulación xudicial de actos administrativos. Cómputo do prazo de prescrición 88

5.2. O consentimento informado nos procesos asistenciais 91

5.3 A solicitude de exhibición e entrega da historia clínica e os seus efectos sobre a prescrición 93

5.4 A consideración do dano desproporcionado 95

ANEXO. 97

ÍNDICE NUMÉRICO DE DITAMES 99

I
INTRODUCIÓN

A presente memoria, correspondente ao ano 2015, foi aprobada polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia en sesión celebrada o día 15 de xuño de 2016 para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Conforme prevé o artigo 2 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, a memoria recolle, en esencia, a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo durante o ano 2015, no que se cumpren dezanove anos desde a súa creación, e abrangue tamén, por tal razón, un resumo deste período. Así mesmo, recolle as observacións e suxestións que se considera oportuno realizar en relación cos actos e procedementos administrativos obxecto habitual de ditame.

II
O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

1. COMPOSICIÓN EN 31 DE DECEMBRO DE 2015

- PLENO

Presidente:

Don José Luis Costa Pillado

Conselleiros electivos:

Don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez
Don José Abelardo Blanco Serrano
Don José Antonio Fernández Vázquez

Conselleiros natos:

Don Gerardo Fernández Albor
Don Emilio Pérez Touriño
Don Fernando González Laxe

Secretaria Xeral:

Dona Ana M.ª López Guizán

SECCIÓNS

Sección de Ditames

Presidente:

Don José Luis Costa Pillado

Conselleiros:

Don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez
Don José Abelardo Blanco Serrano
Don José Antonio Fernández Vázquez

Secretaria:

Dona Ana M.ª López Guizán

Sección de Estudos e Informes

Presidente:

Don José Luis Costa Pillado

Conselleiros:

Don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez
Don Emilio Pérez Touriño

Secretaria:

Dona Ana M.ª López Guizán

1.1. Cesamento da conselleira electiva do Consello Consultivo de Galicia dona Ana Mª Otero López

O día 27 de agosto de 2015 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* unha Resolución do Parlamento de Galicia pola que se facía público que o Parlamento de Galicia, na súa sesión do 3 de agosto de 2015, acordou elixir, de conformidade co establecido no artigo 12.1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, como membro do Consello de Contas de Galicia, entre outros, a dona Ana María Otero López. Como consecuencia disto o Decreto 114/2015, do 10 de setembro, dispón que cese, por pase a outro destino, como conselleira electiva do Consello Consultivo de Galicia, con efectos do día 8 de setembro de 2015. Este decreto foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* o día 11 de setembro.

1.2. Nomeamento e toma de posesión como conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia de don José Antonio Fernández Vázquez.

No *Diario Oficial de Galicia* do día 23 de outubro de 2015 publicouse o Decreto 145/2015, do 22 de outubro, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se nomea a don José Antonio Fernández Vázquez como conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia, cargo do que tomou posesión con esa mesma data.

2. NORMATIVA REGULADORA

- **Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 80, do 28 de abril).**
- **Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 124, do 3 de xullo).**

O artigo 28 da Lei 3/2014, do 24 de abril, antes citada, dispón que a organización e o funcionamento do Consello Consultivo de Galicia se rexerá polo seu propio regulamento de organización e funcionamento, que será elaborado polo Consello Consultivo e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia. A disposición derradeira primeira prevé que o Consello Consultivo de Galicia elaborará, no prazo de tres meses a partir da súa efectiva renovación, o novo Regulamento de organización e funcionamento e elevarao ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación.

Cumprindo ese mandato lexislativo dítase o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, no cal se desenvolven os aspectos organizativos e de funcionamento do Consello Consultivo de Galicia atendendo, fundamentalmente, ao novo deseño dos seus órganos e á nova delimitación competencial daquel implantados pola Lei 3/2014, do 24 de abril.

O Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo conta con seis títulos (disposicións xerais, composición, organización, funcionamento e procedemento, persoal e orzamento), dúas disposicións adicionais, relativas ao persoal laboral e á referencia á Lei 3/2014, do 24 de abril, e unha disposición derradeira verbo das facultades de desenvolvemento e aplicación do regulamento.

3. MEDIOS

3.1. Persoal

De acordo co artigo 30 da Lei 3/2014, do 24 de abril, o Consello Consultivo de Galicia conta co seu propio corpo de letrados. O resto das prazas de persoal, correspondentes aos servizos de apoio, son cubertas -segundo o artigo 29 da súa lei reguladora-, por persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas ou do Estado.

Durante o ano 2015 o Consello Consultivo de Galicia contou co seguinte persoal:

Persoal letrado

Dona Ana M.ª López Guizán

Dona M.ª José Quintana Acebo

Don José Carlos López Corral

Don Jesús M.ª García Blanco

Dona Carmen M.ª Salgueiro Moreira

Don Rafael Á. Millán Calenti [1]

1- En comisión de servizos ata o 08.07.2015

Don José Ángel Oreiro Romar[2]

2- En comisión de servizos desde o 01.07.2015

Persoal de servizos de apoio

Servizo de Administración e Xestión

Don Juan C. Porrúa Pardal[3]

3- Ata o 20.10.2015

Dona Patricia Roiloa Rodríguez [4]

4- En comisión de servizos desde o 12.11.2015

Documentación e biblioteca

Dona María José Fábregas Valcarce

Servizos Administrativos

Dona María Bargados Bargados

Dona M.ª del Carmen Betanzos Pérez

Dona M.ª Dolores Matilde Fernández López[5]

5- Ata o 31.07.2015

Don Jose Luis Fernández Rey

Dona Yolanda González Conde[6]

6- En comisión de servizos desde o 29.06.2015

Don Manuel Novo López

Dona M.ª del Carmen Paz Galbán

Don Francisco Javier Santos Pérez

Dona M.ª Dolores Tarrío Potel

3.2. Orzamento 2015

No seu conxunto, o orzamento do Consello Consultivo de Galicia para o ano 2015 ascendeu á cantidade de dous millóns corenta mil catrocentos trinta e seis euros (2.040.436,00 €), o que supuxo unha leve recuperación do 2,51% respecto do exercicio anterior en 2014, pero seguimos cunha minoración do 13,09% en relación co ano 2009 (307.408 €).

- **Capítulo I.-** Gastos de persoal. Cuantifícanse, incluíndo Seguridade Social, nun millón seiscentos vinte e catro mil novecentos dezanove euros (1.624.919,00 €). Cun incremento do 3,17% con respecto ao ano anterior derivado esencialmente do incremento dos trienios do persoal funcionario e do complemento persoal do persoal configurado como alto cargo que, en todo caso, veu marcado pola propia Consellería de Facenda.

- **Capítulo II.-** Gastos correntes en bens e servizos. O orzamento deste capítulo para o exercicio 2015 acadou a cifra de trescentos catorce mil cincocentos dezasete euros (314.517 €), exactamente igual que a do ano anterior, que se reducira nun 6,22% xa no ano 2014.

- **Capítulo VI.-** Investimentos reais.- Neste capítulo o importe total para o ano 2015 foi de cento un mil euros (101.000,00 €), exactamente igual que a do exercicio orzamentario anterior .



III
ACTIVIDADE CONSULTIVA

1. DATOS ESTATÍSTICOS RELATIVOS AOS ASUNTOS SOMETIDOS A CONSULTA

Durante o período xaneiro - decembro de 2015 sometéronse a consulta deste órgano 555 expedientes, correspondentes ao referido ano.

1.1. Clasificación dos asuntos por órgano solicitante

– ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: 434

De acordo co Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, solicitáronse os seguintes ditames:

Presidencia	6
Vicepresidencia. Cª de Presidencia, AA.PP. e Xustiza	4
Consellería de Facenda	14
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	201
Consellería de Economía e Industria	4
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	23
Consellería de Sanidade	153
Consellería de Traballo e Benestar	9
Consellería do Medio Rural e do Mar	11
TOTAL	**425**

Tras a publicación do Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, tamén solicitaron ditames os seguintes departamentos:

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	2
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	6
Consellería do Medio Rural	1
TOTAL	**9**

- ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA:1

Colexio de Avogados de Pontevedra	1
Total	**1**

- ADMINISTRACIÓN LOCAL: 103

Deputacións provinciais	4
Concellos	99
Total	**103**

- ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 17

Universidade de Vigo	17
Total	**17**

- EXPEDIENTES POR ADMINISTRACIÓN E PORCENTAXES ANO 2015

Administración autonómica	434	78.20%
Administración corporativa	1	0.18%
Administración local	103	18.56%
Administración universitaria	17	3.06%
Total	555	100%

Dentro da clasificación dos asuntos sometidos a consulta, en virtude da procedencia da súa solicitude, a relación destes é a seguinte:

ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA: 434

Presidencia: 6

Proxecto de decreto (3)
Recurso de inconstitucionalidade (2)
Informe (1)

Vicepresidencia. Cª Presidencia, AA PP e Xustiza: 4

Decretos lexislativos (1)
Proxecto de decreto (3)

Consellería de Facenda: 14

Proxecto de orde (1)
Responsabilidade patrimonial (3)
Revisión de oficio (10)

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: 201

Convenios comunidades autónomas (1)
Proxecto de decreto (2)

Recurso de revisión (2)
Responsabilidade patrimonial (2)
Revisión de oficio (194)

Consellería de Economía e Industria: 4
Decretos lexislativos (1)
Proxecto de decreto (3)

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: 23
Contratos administrativos (1)
Proxecto de decreto (15)
Recurso de revisión (1)
Responsabilidade patrimonial (5)
Revisión de oficio (1)

Consellería de Sanidade: 153
Proxecto de decreto (7)
Responsabilidade patrimonial (145)
Revisión de oficio (1)

Consellería de Traballo e Benestar: 9
Contratos administrativos (1)
Proxecto de decreto (2)
Responsabilidade patrimonial (5)
Revisión de oficio (1)

Consellería de Medio Rural e do Mar: 11
Proxecto de decreto (3)
Responsabilidade patrimonial (7)
Revisión de oficio (1)

Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia:

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: 2
Responsabilidade patrimonial (2)

Consellería de Infraestruturas e Vivenda: 6
Responsabilidade patrimonial (6)

Consellería do Medio Rural: 1
Proxecto de decreto (1)

ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA: 1

Colexio de Avogados de Pontevedra: 1
Revisión de oficio (1)

ADMINISTRACIÓN LOCAL: 103

Deputacións: 4

Deputación da Coruña: 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Deputación de Lugo: 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Deputación de Ourense: 2
Contratos administrativos (1)
Revisión de oficio (1)

Concellos: 99

Concello de Arteixo (A Coruña): 2
Responsabilidade patrimonial (2)

Concello de Betanzos (A Coruña): 1
Recurso de revisión (1)

Concello de Boiro (A Coruña): 2
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (1)

Concello de Cabanas (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Cambre (A Coruña): 2
Contratos administrativos (2)

Concello de Cee (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Cerceda (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello da Coruña (A Coruña): 6
Contratos administrativos (4)
Responsabilidade patrimonial (2)

Concello de Culleredo (A Coruña): 2
Contratos administrativos (2)

Concello de Dodro (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Fene (A Coruña): 2
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (1)

Concello da Laracha (A Coruña): 2
Revisión de oficio (2)

Concello de Mugardos (A Coruña): 1
Recurso de revisión (1)

Concello de Muros (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Narón (A Coruña): 3
Responsabilidade patrimonial (3)

Concello de Oleiros (A Coruña): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Ordes (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Oroso (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Ortigueira (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Rianxo (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Ribeira (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de San Sadurniño (A Coruña): 2
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (1)

Concello de Santiago de Compostela (A Coruña): 2
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (1)

Concello de Teo (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Touro (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Vimianzo (A Coruña): 2
Revisión de oficio (2)

Concello de Cospeito (Lugo): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Lugo (Lugo): 5
Contratos administrativos (4)
Revisión de oficio (1)

Concello de Mondoñedo (Lugo): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Monforte de Lemos (Lugo): 3
Responsabilidade patrimonial (3)

Concello da Pontenova (Lugo): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Rábade (Lugo): 2
Responsabilidade patrimonial (2)

Concello do Vicedo (Lugo): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Viveiro (Lugo): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Amoeiro (Ourense): 1
Recurso de revisión (1)

Concello do Barco de Valdeorras (Ourense): 2
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (1)

Concello de Celanova (Ourense): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Coles (Ourense): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Cortegada (Ourense): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Ourense (Ourense): 12
Contratos administrativos (1)
Responsabilidade patrimonial (11)

Concello da Pobra de Trives (Ourense): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Ribadavia (Ourense): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Baiona (Pontevedra): 2
Contratos administrativos (1)
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Bueu (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello da Estrada (Pontevedra): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Gondomar (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello do Grove (Pontevedra): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello da Guarda (Pontevedra): 3
Responsabilidade patrimonial (2)
Revisión de oficio (1)

Concello de Marín (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Moaña (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Pazos de Borbén (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Pontevedra (Pontevedra): 1
Recurso de revisión (1)

Concello de Redondela (Pontevedra): 3

Contratos administrativos (1)

Responsabilidade patrimonial (2)

Concello de Sanxenxo (Pontevedra): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Soutomaior (Pontevedra): 2

Recurso de revisión (1)

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Vigo (Pontevedra): 3

Revisión de oficio (3)

Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 17

Universidade de Vigo: 17

Responsabilidade patrimonial (11)

Revisión de oficio (6)

XUNTA DE GALICIA

Expedientes do ano 2015

	TOTAIS	[1]C.AD	CONV.	D.LEX.	INF.	P.D	P.O	R.R.	RRP	RO	R.I.	% s/T
PRESIDENCIA	6				1	3					2	1,41%
VICEPRESIDENCIA. Cª DE PRESIDENCIA, AAPP E XUSTIZA	4			1		3						0,94%
CONSELLERÍA DE FACENDA	14						1		3	10		3,29%
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTR.	201		1			2		2	2	194		47,29%
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	4			1		3						0,94%
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN U.	23	1				15		1	5	1		5,41%
CONSELLERÍA DE SANIDADE	153					7			145	1		36,00%
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	9	1				2			5	1		2,12%
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR	11					3			7	1		2,59%
T O T A I S	425	2	1	2	1	38	1	3	167	208	2	100,00%

[1] **C.AD:** contratos advos; **CONV.:** convenios CCAA; **D.LEX.:** decreto lexislativo; **INF.:** informe; **P.D.:** proxecto de decreto; **P.O.:** proxecto de orde; **R.R.:** recurso de revisión; **RRP:** reclamación de resp. patrimonial; **R.O.:** revisión de oficio; **R.I.:** recurso de inconstitucionalidade

XUNTA DE GALICIA

Expedientes do ano 2015[2]

	TOTAIS	C.AD	CONV.	D.LEX.	INF.	P.D	P.O	R.R.	RRP	RO	R.I.	% s/T
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	2								2			22,22%
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	6								6			66,67%
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	1					1						11,11%
T O T A I S	9					1			8			100,00%

[2] Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia

EXPEDIENTES ENVIADOS POLA ADMINISTRACIÓN LOCAL NO ANO 2015

DISTRIBUCIÓN POR PROVINCIAS	Núm. exps.	%
A Coruña	42	40,78%
Lugo	15	14,56%
Ourense	20	19,42%
Pontevedra	22	21,36%
DISTRIBUCIÓN POR DEPUTACIÓNS		
Deputación da Coruña	1	0,97%
Deputación da Lugo	1	0,97%
Deputación de Ourense	2	1,94%
Total	103	100%
DISTRIBUCIÓN POR MATERIAS		
Contratos administrativos	21	20,39%
Recurso de revisión	5	4,85%
Responsabilidade patrimonial	46	44,66%
Revisión de oficio	31	30,1%

1.2. Clasificación dos asuntos por materias

A relación de asuntos examinados ao abeiro das competencias previstas no título III da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e segundo se establece no Decreto 91/2015, do 18 de xuño, que aproba o seu Regulamento de organización e funcionamento, é a seguinte:

Contratos administrativos	23	4,14%
Convenios comunidades autónomas	1	0,18%
Decretos lexislativos	2	0,36%
Informe	1	0,18%
Proxecto de decreto	39	7,03%
Proxecto de orde	1	0,18%
Recurso de revisión	8	1,44%
Responsabilidade patrimonial	232	41,80%
Revisión de oficio	246	44,32%
Recurso de inconstitucionalidade	2	0,36%
Total	555	100,00%



1.3. Conclusión ou sentido final dos ditames

Do total dos 555 expedientes remitidos para o seu ditame por parte deste Consello, 38 foron obxecto dun acordo de devolución, ao abeiro do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, que o faculta para devolver o correspondente expediente co fin de que a Administración activa consultante emende os defectos observados, sen a emisión do preceptivo ditame, e procedéndose ao arquivo de todo o actuado.

A conclusión ou sentido final dos ditames emitidos é a seguinte:

Favorables	410	73,87%
Desfavorables	95	17,12%
Acordos de devolución	38	6,85%
Outros	12	2,16%

1.4. Comunicación das resolucións

O artigo 45 do Decreto 91/2015, polo que se aproba o Regulamento do Consello Consultivo, establece a obriga de que o órgano ou institución consultante comunique no prazo dun mes a adopción ou publicación da resolución ou disposición xeral consultada. O cumprimento da dita prescrición presenta os seguintes resultados:

Comunicados	411	74,05%
Non comunicados	144	22,95%
Total	**555**	100%

1.5. Fórmula de incorporación dos ditames

O artigo 11.5 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo, sinala que as disposicións e resolucións sobre asuntos ditaminados polo Consello Consultivo de Galicia, cando sexa preceptiva a súa intervención nelas, se se tomasen de acordo co seu ditame, expresaranse coa fórmula "… *de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia*", e se non se tomasen de acordo co ditame daquel, coa de "*... oído o Consello Consultivo de Galicia*". O resumo correspondente a este apartado nos expedientes ditaminados que foron comunicados é o seguinte:

De acordo	386	93,92%
Oído	13	3,16%
Outros	12	2,92%

1.6. Consultas formuladas polo trámite de urxencia

Foron un total de tres (3) expedientes os que se someteron a consulta do Consello Consultivo polo trámite de urxencia previsto nos artigos 24 da Lei 3/2014, do 24 de abril, e 37 do Regulamento de organización e funcionamento, (Decreto 91/2015, do 18 de xuño) que acurta, á metade, o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames ou informes, salvo que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou o Consello da Xunta fixen outro menor. A urxencia foi admitida en todos eles.

1.7. Asuntos aprazados

Do total de 555 expedientes sometidos a consulta no ano 2015, oitenta e cinco (85) foron aprazados (15,32%) ao abeiro do artigo 39 do Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 91/2015, do 18 de xuño), segundo o cal o Consello Consultivo poderá acordar a ampliación dos prazos por un período que non excederá a metade do inicialmente establecido.

1.8. Relación de asuntos sometidos a consulta (anexo, 99-128)

2. SESIÓNS REALIZADAS NO ANO 2015

De acordo co disposto na Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, tiveron lugar as seguintes sesións:

– Pleno: 29

4 de febreiro	11 de febreiro	25 de febreiro	4 de marzo
11 de marzo	18 de marzo	8 de abril	15 de abril
22 de abril	6 de maio	20 de maio	3 de xuño
17 de xuño	30 de xuño	15 de xullo	22 de xullo

5 de agosto	26 de agosto	3 de setembro	10 de setembro
17 de setembro	23 de setembro	14 de outubro	21 de outubro
18 de novembro	26 de novembro	2 de decembro	9 de decembro
16 de decembro			

– Sección de Ditames: 42

14 de xaneiro	21 de xaneiro	26 de xaneiro	28 de xaneiro
4 de febreiro	11 de febreiro	25 de febreiro	4 de marzo
11 de marzo	18 de marzo	25 de marzo	8 de abril
15 de abril	22 de abril	29 de abril	6 de maio
13 de maio	20 de maio	3 de xuño	10 de xuño
22 de xuño	30 de xuño	8 de xullo	15 de xullo
22 de xullo	5 de agosto	26 de agosto	3 de setembro
10 de setembro	17 de setembro	23 de setembro	30 de setembro
7 de outubro	14 de outubro	21 de outubro	28 de outubro
11 de novembro	18 de novembro	26 de novembro	2 de decembro
9 de decembro	16 de decembro		

– Sección de Estudos e Informes: 1

2 de febreiro

IV
ACTIVIDADE NON CONSULTIVA

1. PÁXINA WEB

O Consello Consultivo, consciente da importancia das novas tecnoloxías da información e da comunicación, creou a súa páxina web propia e específica. Esta páxina, permite a consulta en liña dos ditames deste órgano, unha ferramenta moi utilizada e valorada polos usuarios.

A web, ademais de información xeral referida ao Consello Consultivo (organización, sede, servizos e enderezos de interese), presenta a posibilidade de consultar a texto completo os ditames elaborados desde o ano 1996. Ademais, presenta unha sección chamada *novas* onde os usuarios poden consultar os ditames máis salientables emitidos recentemente, a actualidade do Consello, a contratación administrativa e os procesos selectivos en curso.

2. XORNADAS, SEMINARIOS E CURSOS

I Xornada "Consello Consultivo de Galicia-Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia"

En sesións de mañá e tarde abordáronse diferentes temáticas relacionadas co emprego público, a Administración de xustiza e sanitaria ou o proceso penal, todas elas de grande interese e actualidade xurídica. A inauguración da I Xornada do Consello Consultivo de Galicia e a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia correu a cargo do presidente do Consello Consultivo, don José Luis Costa Pillado, e do director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, don Manuel Pillado Quintáns, precedendo aos relatorios.

Nesta xornada participaron arredor de 40 persoas, todos eles letrados e letradas do Consello Consultivo de Galicia e tamén da Xunta de Galicia, o que vén demostrar a boa sintonía e colaboración que ambas as dúas institucións manteñen no seu labor de asesoramento, cada unha no seu ámbito de actuación.

Acto de inauguración da Xornada

Na sesión de mañá interveu o maxistrado do Tribunal Constitucional, don Juan José González Rivas, que versou sobre *Emprego público e Constitución: problemática e evolución no seu tratamento xurisprudencial*. A continuación tomou a palabra o vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial e maxistrado don Juan Manuel Fernández Martínez, que falou sobre *Cara a un novo modelo de proceso penal*.

Na sesión de tarde participou o maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, don Fernando Seoane Pesqueira, que abordou *A responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria*. Finalmente, o maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, don Luis Villares Naveira, falou sobre *Comunicación de datos á Administración de xustiza: principios, garantías e medidas de seguridade.*

3. *PRACTICUM* DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como todos os anos, e como resultado do convenio asinado coa Universidade de Santiago, distintos alumnos e alumnas da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela elixiron realizar o *practicum* correspondente aos estudos de Dereito no Consello Consultivo de Galicia.

Durante o mes en que o alumnado estivo traballando neste órgano, instruíuselles sobre o seu funcionamento e doutrina, así como sobre o modo de elaboración dos ditames, aos cales tiveron acceso directo, tratando de primar así o carácter eminentemente práctico da súa estadía. Ao rematar o período, o alumnado realizou un exercicio práctico, que xunto co aproveitamento acadado durante o dito período, conformou a cualificación final, en todos os casos satisfactoria.

Todos eles estiveron tutelados pola letrada do Consello Consultivo de Galicia dona M.ª José Quintana Acebo.

4. MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Como todos os anos, editouse a memoria de actividades do Consello correspondente ao ano 2014, en cumprimento do previsto no artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril.

A Memoria de actividades do 2014 foi presentada polo presidente do Consello Consultivo de Galicia ao presidente da Xunta de Galicia para a súa posterior toma en consideración por parte do Consello da Xunta.

A memoria recolle a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo durante o ano 2014, en que se cumpren dezaoito anos desde a súa creación, polo que comprende tamén un resumo deste período. Así mesmo, recolle as observacións e suxestións que se considerou oportuno en relación cos actos e procedementos administrativos obxecto habitual de ditame.

Tal e como recolle a memoria, a maioría dos ditames corresponderon a reclamacións de responsabilidade patrimonial, sendo as consellerías de Sanidade e a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas as que maior número de ditames solicitaron. Finalmente, o presidente salientou que ao longo destes dezaoito anos de existencia o Consello Consultivo emitiu informe sobre máis de 14.000 expedientes, destacando a Administración autonómica cun 85% dos expedientes examinados.

A memoria fai referencia tamén á actividade do Consello en diversas accións formativas realizadas en colaboración con outras institucións como a Escola Galega de Administración Pública ou as universidades galegas, ademais de participar noutros encontros e xornadas sobre a función consultiva organizadas noutras comunidades autónomas.

Da devandita edición fíxose unha ampla distribución na Administración autonómica.

V
DEZANOVE ANOS DE FUNCIÓN CONSULTIVA

1. DATOS ESTATÍSTICOS RELATIVOS AOS EXPEDIENTES DITAMINADOS DURANTE O PERÍODO 1996 – 2015

HISTÓRICO POR NÚMERO DE EXPEDIENTES E ADMINISTRACIÓN DE PROCEDENCIA

ANOS	AD. AUTONÓ-MICA	% S/Total AA	AD. LO-CAL	% S/Total AL	AD. UNI-VERS	% S/Total AU	AD. CORP	TOTAIS	% S/ TOTAL
1996	93	0,80%	17	0,66%	1	1,08%	0	111	0,77%
1997	146	1,25%	18	0,70%	4	4,30%	0	168	1,17%
1998	239	2,04%	22	0,85%	5	5,38%	0	266	1,85%
1999	306	2,62%	23	0,89%	3	3,23%	0	332	2,31%
2000	465	3,98%	99	3,83%	2	2,15%	0	566	3,94%
2001	719	6,15%	93	3,59%	2	2,15%	0	814	5,66%
2002	650	5,56%	169	6,53%	0	0,00%	0	819	5,69%
2003	703	6,01%	222	8,58%	4	4,30%	0	929	6,46%
2004	583	4,99%	181	7,00%	4	4,30%	0	768	5,34%
2005	690	5,90%	229	8,85%	1	1,08%	1	921	6,40%
2006	833	7,12%	163	6,30%	5	5,38%	0	1001	6,96%
2007	902	7,71%	233	9,01%	1	1,08%	1	1137	7,91%
2008	1437	12,29%	252	9,74%	13	13,98%	0	1702	11,83%
2009	506	4,33%	83	3,21%	7	7,53%	0	596	4,14%
2010	459	3,92%	109	4,21%	5	5,38%	0	573	3,98%
2011	508	4,34%	133	5,14%	4	4,30%	1	646	4,49%
2012	566	4,84%	162	6,26%	3	3,23%	1	732	5,09%
2013	817	6,99%	171	6,61%	8	8,60%	2	998	6,94%
2014	639	5,46%	105	4,06%	4	4,30%	0	748	5,20%
2015	434	3,71%	103	3,98%	17	18,28%	1	555	3,86%
TOTAIS	11695	100,00%	2587	100,00%	93	100,00%	7	14382	100,00%
	81,32%		17,99%		0,65%		0,05%		

Evolución expedientes 1996-2015



Evolución expedientes Admón. autonómica



Evolución expedientes Admón. local



HISTÓRICO POR MATERIAS

ANOS	TOTAIS	INF[3]	REC. INC.	D.L.	APL	CA	PR	PO	RAR	RO	CONT. AD	CsAD	RRP	DTM	CF
1996	111	0	0	0	0	0	21	0	19	14	5	0	37	2	6
1997	168	0	0	0	0	0	22	0	42	30	13	0	56	1	1
1998	266	0	0	0	0	0	35	0	75	26	8	9	104	1	1
1999	332	0	0	0	0	0	27	0	44	33	3	2	221	0	1
2000	566	0	0	0	0	0	19	0	13	14	9	5	495	8	1
2001	814	0	0	0	0	2	25	0	8	17	12	3	738	2	2
2002	819	0	0	0	0	1	20	0	8	24	18	7	737	2	1
2003	929	0	0	0	0	0	28	0	14	24	8	0	848	4	0
2004	768	0	0	0	0	0	25	1	11	20	16	3	684	4	0
2005	921	0	0	0	0	0	29	0	7	53	12	5	808	3	1
2006	1001	0	0	0	0	1	36	1	8	21	10	3	915	0	0
2007	1137	0	0	0	0	1	52	0	4	18	9	6	1044	0	0
2008	1702	0	0	0	0	4	64	0	8	45	12	1	1564	1	1
2009	596	0	0	0	0	1	24	0	8	93	12	2	455	1	0
2010	573	0	0	0	0	4	54	0	8	31	19	2	452	2	1
2011	646	0	0	0	0	7	52	2	6	28	23	3	526	1	0
2012	732	0	0	0	0	0	34	4	7	41	27	4	618	1	0
2013	998	0	0	0	0	1	27	1	5	271	25	1	665	1	2
2014	748	0	0	0	1	0	34	5	9	309	17	0	372	0	1
2015	555	1	2	2	0	1	39	1	8	246	23	0	232	0	0
TOTAIS	**14382**	**1**	**2**	**2**	**1**	**23**	**667**	**15**	**312**	**1358**	**281**	**56**	**11571**	**34**	**19**

[3] **INF:** informe; **REC INC.**: recurso inconstit.; **D.L.**: decreto lexislativo; **APL**: anteprox. lexisl.; **CA**: convenio CCAA; **PR**: proxecto regulamento; **PO**: proxecto orde; **RAR**: rec.advo. revisión; **RO**: rev oficio; **CONT.AD**: contratos advos; **CsAD**: concesións advas; **RRP**: reclam respons. patrim.; **DTM**: deslindamento termos municipais; **CF**: consulta facultativa

VI
OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS

1. PROXECTOS NORMATIVOS

1.1. Doutrina xeral sobre textos refundidos

Ao longo do ano 2015, o Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse e consolidar a súa doutrina xeral sobre os textos refundidos ao analizar proxectos de decretos lexislativos, como os que aprobaban disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria (Ditame 20/2015) e de igualdade (Ditame 66/2015).

Como é sabido, a Constitución española, no seu artigo 82.1, recoñece a posibilidade de que as Cortes Xerais deleguen no Goberno a potestade de ditar normas con rango de lei, con suxeición aos requisitos necesarios previstos nel. Dáse cabida así á chamada 'delegación recepticia', onde, partindo sempre de que se cumpren os termos da delegación, a lei non só autoriza o regulamento para que regule materias, en principio reservadas, senón que atribúe carácter legal á norma emanada do executivo.

O dito artigo 82 da Constitución fala expresamente de *"delegación lexislativa"*, referíndose a dúas modalidades de delegación recepticia: para ditar textos articulados ou para aprobar textos refundidos. A primeira consiste na posibilidade de que o executivo dite unha norma con rango de lei de acordo coas bases que o lexislativo establecese; a segunda faculta simplemente o executivo para refundir textos legais vixentes nun único corpo normativo. En ambos os casos, a lei de delegación confía ao Goberno a elaboración dunha norma de contido concreto e anticipa a súa elevación ao rango de lei.

Centrándonos na refundición, a través dela atribúeselle ao Goberno unha operación técnica e non creadora: sistematizar e articular nun texto único unha pluralidade de leis que inciden sobre o mesmo obxecto, sen alterar a regulación que desa pluralidade de normas resulta, aínda que a delegación pode incluír a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que se deben refundir, isto é, depuralos co fin de asegurar a súa coherencia de maneira que o texto refundido final que se ofreza resulte completo e sistemático, tal e como se desenvolverá máis adiante.

A delegación está suxeita a uns requisitos. En primeiro lugar, ten que estar outorgada de modo expreso, (non se admitirán delegacións por tempo indeterminado ou implícitas); en segundo lugar, a delegación é outorgada só e exclusivamente ao Goberno, neste caso a Xunta de Galicia, sen posibilidade de que este, pola súa vez, subdelegue nunha autoridade distinta. Finalmente, en terceiro lugar, a delegación

debe versar sobre unha materia concreta, debe determinar o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, e especificar se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deben ser refundidos.

Este labor de regularización, aclaración e harmonización permite incidir no texto literal dos preceptos, obxecto de refundición, de forma limitada e exclusivamente, para clarificar a redacción ou evitar o risco de posibles antinomías pero carecendo sempre, o resultado desta intervención técnica, dun carácter innovador. Como expresa o Tribunal Constitucional na súa Sentenza 13/1992, do 6 de febreiro, a refundición permite "*introducir normas adicionales y complementarias a las que son estrictamente objeto de refundición, siempre que sea necesario para colmar lagunas, precisar su sentido o, en fin, lograr la coherencia y sistemática del texto único refundido*", principio non sempre doado de articular coa limitación innovadora do texto refundido, xa que este se limita a substituír as normas obxecto de refundición, ocupando o seu lugar no ordenamento xurídico (Sentenza do Tribunal Constitucional 194/2000, do 19 de xullo ou Ditame do Consello de Estado 2.515/2004).

Neste sentido, recollíanse no Ditame 66/2015, exemplos concretos que respectan o alcance da tarefa refundidora como os seguintes:

- Melloras na estrutura e na sistemática dos textos
- Cambio de numeración e epigrafado dos artigos (DCCG 75/2005)
- Alteracións sistemáticas e mesmo gramaticais necesarias para os efectos dunha mellor regulación, estruturación e harmonización das materias e dos textos que se van refundir (DCCG 75/2005)
- Adaptacións e precisións terminolóxicas
- Supresión de preceptos derrogados e de normas transitorias que xa esgotaron a súa aplicación
- Actualización de remisións normativas, cambiando a referencia ás normas derrogadas polas denominacións das normas en vigor que as substitúen (DCCG 187/1999 e 185/2008)
- Corrección de erros terminolóxicos ou tipográficos evidentes (DCCG 187/1999)
- Substitución da denominación de órganos administrativos como consecuencia de cambios de estrutura orgánica (DCCG 187/1999)
- Adaptacións necesarias para un uso non sexista da linguaxe (DCCG 360/2005)

Tamén se entende, interiorizando a doutrina do Consello de Estado, que a tarefa refundidora con posibilidade de aclarar, regularizar e harmonizar inclúe, mesmo, adaptacións da redacción dos preceptos para permitir a máis axeitada recepción dos principios reflectidos na xurisprudencia constitucional e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, así como, coa mesma finalidade, a adición da mención expresa de suxeición dunha materia á normativa comunitaria.

Por outra banda, tamén se recordaba no Ditame 20/2015, citando ao respecto a doutrina do Consello de Estado, que o contido do texto refundido debe ser lexítimo, completo e fiel. E, en todo caso, como se refería no Ditame 66/2015, o límite á delegación lexislativa vén constituído pola imposibilidade de que o executivo poida innovar o ordenamento xurídico. Neste sentido, o Tribunal Supremo, en sentenzas do 20 de xaneiro e 2 de marzo de 1992, sinala que *"(...) la función constitucional del Texto refundido no es innovar el ordenamiento jurídico ..."*. Nesta liña, como xa se indicou nos ditames CCG 187/99, 75/2005, 360/2005, 185/2008 e 323/2011, en canto á natureza deste tipo de acto-fonte, os decretos lexislativos, acadan a natureza e o rango das leis e as súas principais propiedades, sempre e cando o exercicio da delegación non exceda os límites da autorización, segundo establece constante doutrina xurisprudencial.

Como recorda a STS do 19 de setembro de 2013:

> *"la delegación legislativa ha sido conceptuada doctrinalmente como una delegación recepticia (de modo que las normas producto de tal delegación adquieren la naturaleza de la ley delegante en aquello en que no desbordan el marco o límite de la misma), en cuyo ejercicio el Gobierno no puede realizar ninguna alteración o modificación en las materias a refundir que no esté autorizada expresamente por la norma delegante. Sólo cuando está autorizado por la pertinente Ley de Bases para elaborar un texto articulado, y sólo cuando se respetan los límites señalados en la norma delegante, el Gobierno puede regular ex novo relaciones o hechos jurídicos e innovar el ordenamiento jurídico dentro de los citados límites de la delegación. Pero cuando al Gobierno sólo se le faculta a refundir en un solo texto varias normas hasta entonces dispersas en textos normativos diferentes, lo único que el Gobierno puede realizar es la sustitución de las normas que se refunden por el único Texto en que las mismas pasan a estar integradas -sin que ello afecte, en nada, a las normas que quedan al margen de la refundición autorizada".*

Nestes termos, é un principio así mesmo sinalado de maneira reiterada pola xurisprudencia que o valor e rango de lei dos decretos lexislativos só o son cando a actividade refundidora e, en xeral, o exercicio da delegación lexislativa se acomode

á lei de delegación, pois noutro caso os preceptos que non se adapten a ela, quedan rebaixados ao valor de simples disposicións regulamentarias, que como tales non poden opoñerse á lei. De aí, que o control dos posibles excesos en que poida incorrer a norma delegada se converte nunha esixencia institucional da propia figura da delegación lexislativa recepticia. Neste sentido, continúa indicando a STS antes citada, que:

> *"en los supuestos de leyes delegadas, la norma delegada solo tiene rango de Ley "intra vires", en tanto que "ultra vires" no alcanza tal carácter y por tanto puede ser enjuiciada por los órganos de la Jurisdicción Contencioso Administrativa. Por lo expuesto, en sentencias de la Sala Tercera del Tribunal Supremo de 25 de septiembre de 1981, 13 de junio de 1983 y 19 de diciembre de 1990 (según la cual no cabe otorgar rango y fuerza de ley a las normas jurídicas elaboradas por el Gobierno en el ejercicio de una delegación legislativa concedida el amparo del artículo 82 de la CE en la medida en que el contenido de las mismas sobrepase los límites de la delegación), se declara que las normas dictadas por el Gobierno en ejercicio de una delegación legislativa de refundición sólo alcanzan rango de Ley cuando el Texto Refundido se adapta expresamente a la autorización recibida, reproduciendo normas preexistentes sin innovar el ordenamiento jurídico, teniendo tales normas, en caso contrario, y en la parte del exceso o innovación, el carácter de normas reglamentarias. Así, cabe decir que la jurisprudencia tiene declarado que los decretos legislativos, amparados en una ley formal habilitante, permiten un control judicial (al que se refiere el artículo 82.6 de la Constitución), siquiera limitado a comprobar si el uso de la habilitación se ha ceñido a los términos de la ley, lo que requiere tanto el examen de los requisitos extrínsecos de la habilitación como del fondo, con el resultado de que el exceso que pudiera apreciarse en la delegación recepticia no tiene el rango de norma legal, que sólo alcanza "intra vires" al desarrollo de las bases de ley habilitante, sino el de una disposición administrativa que, como tal, se sitúa bajo el control jurisdiccional conforme al artículo 106.1 CE y artículo 9.4 LOPJ (entre otras, sentencias del Tribunal Supremo de 3 de noviembre de 1993, de 3 de octubre de 1997 y de 15 de julio de 2008)".*

1.2. Posibilidade e límites da delegación da potestade regulamentaria

A posibilidade e tamén os límites da delegación da potestade regulamentaria foi tratada polo Consello Consultivo no ano 2015. A dita cuestión foi formulada con ocasión de analizar a disposición derradeira primeira da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia (que habilita o Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento da lei) e a súa aplicación, nun precepto do proxecto remitido do

decreto polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No Ditame 504/2015 advertía que a dita habilitación se debe entender referida a unha disposición regulamentaria aprobada polo Consello da Xunta de Galicia en canto titular da potestade regulamentaria orixinaria. Agora ben, o anterior non impediría que a dita disposición regulamentaria recollese un marco xeral sobre o particular, remitindo a unha orde a regulación de aspectos concretos, de carácter accesorio, suxeitos a unha realidade cambiante. Neste sentido, o Tribunal Constitucional admite a posibilidade de que as normas regulamentarias ditadas polo órgano colexiado de goberno, titular da potestade regulamentaria orixinaria, poidan recoller delegacións, sendo de citar, entre outras, a STC 133/1997, do 16 de xullo, a cal con carácter xeral prevé que:

> *"la potestad reglamentaria del Gobierno, por ser originaria, no excluye la posibilidad de delegaciones singulares (fundamento jurídico 4). Pero es más, como ha quedado dicho en nuestra STC 135/1992, «la desconcentración de la potestad reglamentaria es posible formalmente y, en muchas ocasiones, necesaria desde la perspectiva del contenido de la norma. Efectivamente, la habilitación al Gobierno de la Nación que contiene el art. 97 C.E. no puede entenderse con un criterio estricto, al pie de la letra, sin limitar la advocación del titular a un órgano colegiado específico, el Consello de Ministros, sino también a éstos, que lo componen (...)".*

Non obstante, a posibilidade de delegación está condicionada no seu alcance. Non pode ser total, senón que debe revestir un carácter singular e concreto. Así, o propio Tribunal Constitucional, na sentenza transcrita, alude a "*delegaciones singulares"*, idea en que insisten outras sentenzas do Tribunal Supremo como, por exemplo, a STS do 15 de xuño de 1993 que recorda que:

> *"El Gobierno, pues, no puede deferir al Ministro correspondiente (...) la regulación de materias de entidad esencialmente sustantiva propias exclusivamente del Decreto gubernamental aprobatorio del Reglamento, aunque, claro está, sí puede deferir al Ministro puntos concretos y de carácter accesorio que no supongan una modificación o alteración sustantiva del Reglamento, sino simplemente un mero desarrollo objetivo y puntual de las normas reglamentarias".*

No mesmo sentido, poden citarse as SSTS do 14 de abril de 1992, do 16 de decembro de 1994, do 30 de novembro de 1996 ou a máis recente STS do 29 de xaneiro de 2015, e nas que nelas se citan, así como os ditames de órganos consultivos, tales como o ditame do Consello de Estado 167/1993, a teor do cal:

"(...) La cuestión ha sido reiteradamente examinada por el Consejo de Estado en el ejercicio de su función consultiva y formado criterio sobre la misma en el sentido de que si bien es cierto que en nuestro sistema constitucional la potestad reglamentaria originaria corresponde al Consejo de Ministros, en cuanto expresión del Gobierno, en el sentido del artículo 97 de la Constitución, no puede inferirse de ello que se impida atribuir a los Ministros, por la propia Ley que sirve de cabecera, una potestad reglamentaria, esto es, una potestad de emitir normas reglamentarias. Y del mismo modo ha estimado correcto entender que cuando el legislador llama al Gobierno a fin de que dicte las normas complementarias y necesarias para el cumplimiento y ejecución de la Ley, el llamado es precisamente el Gobierno, en su sentido estricto, con independencia de que el propio Gobierno pueda deferir a un Ministro aspectos concretos o subsidiarios cuando la naturaleza de los mismos lo consienta".

2. RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE:

2.1. Alcance das competencias estatais en materia de telecomunicacións

O Consello Consultivo ditaminou sobre o modelo de distribución competencial en materia de telecomunicacións, verbo dun expediente referente ao proxecto de acordo para a interposición dun recurso de inconstitucionalidade en relación cos artigos 5, 10.2, 29.3, 32, 34, 35, 36, disposición adicional décimo cuarta, disposicións transitorias sétima, novena e décimo segunda e disposición derradeira novena da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

O dito ditame (45/2015) realizouse ao abeiro do artigo 12 d) da Lei 3/2014, do 24 de abril, que dispón que o Consello Consultivo de Galicia ditaminará preceptivamente a interposición polo Consello da Xunta de Galicia de recursos de inconstitucionalidade e formulacións de conflitos de competencias ante o Tribunal Constitucional, previamente á presentación do correspondente procedemento.

No suposto sometido a ditame, invocábase a conculcación das competencias asumidas estatutariamente pola Comunidade Autónoma de Galicia, sinaladamente en materia de urbanismo, ordenación do territorio e protección do ambiente e da paisaxe (artigos 27.3 e 30 do Estatuto de autonomía).

No ditame analizábase con profundidade o modelo de distribución competencial en materia de telecomunicacións establecido na Constitución (ex-artigo 149.1.21) así como a xurisprudencia constitucional ao respecto, a cal ten deseñado un modelo de distribución competencial baseado na hexemonía estatal tradicional nesta materia.

Este modelo de distribución competencial, malia que as telecomunicacións se teñen convertido nun instrumento básico do desenvolvemento económico e tecnolóxico dos Estados e do dinamismo que acompaña a súa continua evolución, apenas sufriu evolución desde os seus inicios. É ilustrativa a Sentenza do Tribunal Constitucional 72/2014, do 8 de maio, que veu confirmar o estado doutrinal da cuestión ao declarar que:

> *"Sobre el art. 149.1.21 CE hemos dicho, en cambio, que se refiere a la ordenación del dominio público radioeléctrico y, muy particularmente, a los aspectos técnicos claramente atinentes a la regulación del soporte o instrumento del cual la radio y la televisión se sirven —las ondas radioeléctricas, hertzianas o electromagnéticas—. Este dominio es susceptible de distintos usos para otros tipos de comunicaciones que se efectúan también mediante ondas radioeléctricas y distintas de la radiodifusión y, precisamente por eso, incumbe ordenar de manera unitaria al Estado de forma que se cohonesten y hagan posibles todos estos usos (por todas, STC 235/2012, de 13 de diciembre). La competencia exclusiva estatal en esta materia, tiene por objeto, en definitiva, ordenar normativamente y asegurar la efectividad de las comunicaciones (SSTC 278/1993 de 23 de septiembre, FJ 2;127/1994, de 5 de mayo FJ 8, y 31/2010, de 28 de junio, FJ 85), razón por la cual "comprende, desde luego, la totalidad de las competencias normativas" en la materia (SSTC 84/1982, de 23 de diciembre, FJ 4, y38/1983, de 8 de febrero, FJ 3), pero puede comportar también "la atribución de las competencias de ejecución necesarias para configurar un sistema materialmente unitario" STC 72/2014, de 8 de mayo de 2014,FJ 3)".*

Tal e como advertía o ditame, resulta indiscutible que lle corresponde ao Estado a plena competencia normativa no ámbito das telecomunicacións e non só as bases, como tamén é incontrovertido o potencial expansivo desta materia tal e como ten conformado a doutrina constitucional ata o momento presente. Cuestión distinta é determinar ata onde debe chegar tal potencial ou o que é o mesmo, determinar o que se pretenda considerar como pertencente ou encadrable dentro desta competencia sectorial, xa que non parece que, ao socairo do seu efecto expansivo, queden incorporados nela elementos non conectados coa ordenación e planificación das telecomunicacións. Quedarían, en consecuencia, fóra aqueles aspectos que materialmente non pertencen ao campo das telecomunicacións que, cómpre lembrar, tradicionalmente teñen sido entendidas como toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos. De acordo coa propia doutrina constitucional, pode entenderse que se ocuparán campos distintos,

aínda que sexa desde a perspectiva propia desta competencia sectorial, cando a actuación recaia sobre elementos alleos tendentes a "*asegurar la efectividad de las comunicaciones*", finalidade nuclear que o Tribunal Constitucional ten atribuído de maneira permanente ás telecomunicacións e que, en definitiva, vén considerándose como o seu compoñente principal.

Respecto ao contido material desta competencia, o ditame evidenciaba que a doutrina constitucional ten optado por limitarse a descricións recollidas en normas estatais que actualmente semellan absolutamente determinadas pola normativa comunitaria. En efecto, a normativa comunitaria establece un novo marco regulador (do que destacamos, pola súa relevancia para os efectos que aquí interesan, a Directiva 2009/136/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de novembro de 2009 e a Directiva 2009/140/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de novembro de 2009) no que sobresaen, xunto con principios como o de mercado unitario (que non require necesariamente ser de ámbito nacional como ocorre en Galicia, onde radica unha operadora sen participación no resto do mercado nacional), outros como os de intervención mínima, neutralidade tecnolóxica, a prestación dun servizo de calidade ao mínimo custo ou a flexibilidade na súa xestión polos Estados membros. Esta flexibilidade na xestión permitiría que o ámbito do mercado das telecomunicacións non tivese que ser inexorablemente de ámbito estatal xa que, en termos da Sentenza do Tribunal Constitucional 96/2002, do 25 de abril, o Estado "*puede*" actuar como garante da unidade do mercado español; isto é, trátase dunha simple facultade, e non dunha obriga.

Noutra orde de cousas, cando se ten posto de manifesto o potencial expansivo do que non deixa de ser unha competencia sectorial como é a de telecomunicacións, a xurisprudencia constitucional ten considerado que este potencial non pode ser entendido nuns termos absolutos, nin tampouco permite que co dito motivo queden baleiros outros ámbitos competenciais que poden corresponder a outras administracións territoriais distintas á estatal.

Sobre este aspecto, o ditame reflectía as argumentacións contidas na Sentenza do Tribunal Constitucional 8/2012, do 18 de xaneiro:

> *"Pese a ser el título competencial en materia de telecomunicaciones un título de carácter sectorial, lo cierto es que tiene un gran potencial expansivo puesto que el régimen de las telecomunicaciones incide, con mayor o menor intensidad, en muchas otras materias. Por un lado, en el desenvolvimiento de medios de comunicación social como la radio o la televisión. Por otro lado, en la ordenación del territorio y el urbanismo en la medida*

en que la faceta de infraestructura de las telecomunicaciones hace preciso adoptar decisiones en torno a su adecuada localización, tanto en el ámbito rural como urbano. Esa localización puede, a su vez, tener un impacto sobre el medio ambiente y el paisaje. Y, por último, y en lo que ahora interesa, la exposición a campos electromagnéticos puede tener una incidencia sobre la salud que exige medidas de protección sanitaria, en especial para aquellos colectivos que se consideran más sensibles.

El estrecho entrecruzamiento competencial que se produce en estas materias hace que la delimitación sea singularmente complicada. Así se evidenció en las Sentencias en las que este Tribunal se ha pronunciado acerca de la delimitación entre los títulos de telecomunicaciones (art. 149.1.21 CE) y de medios de comunicación social (art. 149.1.27 CE). Dijimos, entonces, que estos dos títulos "se limitan y contrapesan entre sí impidiendo el mutuo vaciamiento de sus contenidos respectivos" (STC 168/1993, de 27 de mayo, FJ 4). Un criterio interpretativo que es también aplicable a la concurrencia competencial que ahora nos ocupa: telecomunicaciones, ordenación del territorio, urbanismo, protección del medio ambiente y protección de la salud son títulos que se limitan y contrapesan recíprocamente, que no pueden vaciarse mutuamente de contenidos y que han de ejercerse con pleno respeto a las competencias sobre otras materias que pueden corresponder a otra instancia territorial.

Nestes supostos, tal e como se advirte no ditame, onde se produce un entrecruzamento de competencias, apunta o Tribunal Constitucional que a dificultade estriba en saber ata onde pode chegar o exercicio dunha e doutra competencia e, máis concretamente, en que materia se incardinan os preceptos impugnados, situación que terá lugar "*...cuando se ofrezcan por las partes en el proceso constitucional diversas calificaciones sustantivas de las disposiciones o actos en conflito que pudieran llevar a identificaciones competenciales también distintas, ha de apreciarse para llegar a una calificación competencial correcta, tanto el sentido o finalidad de los variados títulos competenciales y estatutarios, como el carácter, sentido y finalidad de las disposiciones traídas al conflito, es decir, el contenido del precepto controvertido delimitando así la regla competencial aplicable al caso" (SSTC 153/1989, de 5 de octubre, FJ 5; y 197/1996, de 28 de noviembre, FJ 3)*".

No concreto caso das telecomunicacións, facíase particular cita da Sentenza do Tribunal Constitucional 8/2012, do 18 de xaneiro, que di:

"... Por otra parte, cuando el entrecruzamiento se produce, además, entre una competencia estatal sectorial con proyección o incidencia sobre el mismo espacio físico, como es el caso de las telecomunicaciones, y una competencia autonómica horizontal como la ordenación territorial, debe tenerse presente la doctrina de este Tribunal

conforme a la cual "por lo que a la coexistencia de las competencias autonómicas sobre ordenación del suelo y de las competencias estatales de carácter sectorial se refiere, debe tenerse en cuenta, en primer lugar, que la competencia sobre ordenación del territorio tiene, precisamente, la finalidad de que su titular pueda formular una política global para su territorio, con lo que se trata de coordinar las actuaciones públicas y privadas que inciden en el mismo y que, por ello, no pueden ser obviadas por las distintas Administraciones, incluida la estatal" mientras que, por otro lado, "este tipo de competencias de las que es titular el Estado, si bien no persiguen de forma directa la ordenación del territorio, sí ... viene a condicionar la capacidad de decisión de las Comunidades Autónomas" (SSTC 40/1998, de 19 de febrero, FJ 30; y 204/2002, de 31 de octubre, FJ 7). Por ello, "al objeto de integrar ambas competencias, se debe acudir, en primer lugar, a fórmulas de cooperación" pues "si, como este Tribunal viene reiterando, el principio de colaboración entre el Estado y las Comunidades Autónomas está implícito en el sistema de autonomías (SSTC 18/1982 y 152/1988, entre otras) y si la consolidación y el correcto funcionamiento del Estado de las autonomías dependen en buena medida de la estricta sujeción de uno y otras a las fórmulas racionales de cooperación, consulta, participación, coordinación, concertación o acuerdo previstas en la Constitución y en los Estatutos de Autonomía (STC 181/1988, FJ 7), este tipo de fórmulas son especialmente necesarias en estos supuestos de concurrencia de títulos competenciales en los que deben buscarse aquellas soluciones con las que se consiga optimizar el ejercicio de ambas competencias (SSTC 32/1983, 77/1984, 227/1987 y 36/1994), pudiendo elegirse, en cada caso, las técnicas que resulten más adecuadas: el mutuo intercambio de información, la emisión de informes previos en los ámbitos de la propia competencia, la creación de órganos de composición mixta, etcétera" (de nuevo, SSTC 40/1998, de 18 de febrero, FJ 30; y 204/2002, de 31 de octubre, FJ 7). No obstante, si esos cauces resultan insuficientes, el Tribunal ha afirmado que "la decisión final corresponderá al titular de la competencia prevalente" (STC 77/1984, de 3 de julio, FJ 3), sin que el Estado pueda "verse privado del ejercicio de sus competencias exclusivas por la existencia de una competencia, aunque también sea exclusiva, de una Comunidad Autónoma" (STC 56/1986, de 13 de mayo, FJ 3; STC 204/2002, de 31 de octubre, FJ 7)".

Xa que logo, e de acordo coa doutrina exposta, advirte o CCG 45/2015 que será a competencia que mereza a consideración de prevalente a que se deberá ter en conta no caso de entrecruzamento entre a competencia sectorial do Estado en materia de telecomunicacións e unha competencia autonómica horizontal, referíndose en particular o Tribunal Constitucional a aqueles casos en que o conflito competencial ten lugar en cuestións relativas á ordenación do territorio, sendo precisamente esta situación a que acontece de maneira reiterada e principal no suposto analizado, vista a regulación contida na Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

Para maior abastanza, o ditame de razón significaba a evolución sufrida polas telecomunicacións en todos os terreos, evolución esta da cal se ten feito eco a propia normativa comunitaria, a cuxa cita en detalle se alude tamén no corpo do dito ditame.

Así pois, a cerna da cuestión radicaba en determinar se os artigos sobre os cales se proxectaban as dúbidas de constitucionalidade podía entenderse que conculcaban as competencias autonómicas asumidas en virtude de determinados títulos competenciais exclusivos da Comunidade Autónoma de Galicia recollidos no seu estatuto de autonomía, con afectación de competencias estatutarias, tales como a ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda (artigo 27.3), patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia (artigo 27.18), protección do ambiente e da paisaxe (artigo 27.30) e fomento e planificación da actividade económica de Galicia (artigo 30.1.1)

Tras o exame pormenorizado dos preceptos da Lei 9/2014, do 9 de maio, sobre os que se suscitaban as dúbidas de constitucionalidade, así como da xurisprudencia constitucional ao respecto, o Consello Consultivo finalmente considerou que existen fundamentos xurídicos suficientes para a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra os artigos 10.2, 29,3 32.2, 34.2, 3, 5, 6 e 7, 35.2, 4 e 5, a disposición adicional décimo cuarta e as disposicións transitorias sétima, novena e décimo segunda da lei.

2.2. Alcance das competencias estatais en materia de metroloxía

O Consello Consultivo ditaminou sobre a adecuación á repartición constitucional de competencias verbo do artigo 19, a disposición transitoria única e, por conexión, o artigo 8 da Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía.

O dito ditame (438/2015) realizouse ao abeiro do artigo 12 d) da Lei 3/2014, do 24 de abril, que dispón que o Consello Consultivo de Galicia ditaminará preceptivamente a interposición polo Consello da Xunta de Galicia de recursos de inconstitucionalidade e formulacións de conflitos de competencias ante o Tribunal Constitucional, previamente á presentación do correspondente procedemento.

No ditame analizábase con profundidade a extensión da competencia exclusiva do Estado en materia de metroloxía e o seu entrecruzamento con títulos competenciais autonómicos. Para tal efecto, partiuse da repartición de competencias relativa á aprobación da lexislación metrolóxica establecido na Constitución (ex-artigo 149.1.12) e da doutrina do Tribunal Constitucional sobre esta materia, recaída

en dúas sentenzas fundamentais, como son a STC 100/1991, do 13 de maio, e a STC 236/1991, do 12 de decembro.

O Consello Consultivo, atendendo ao contido regulatorio das disposicións sobre as cales se centran as dúbidas de constitucionalidade, considerou que o posible conflito tiña que ser examinado desde a perspectiva estrita do entrecruzamento entre a competencia lexislativa exclusiva estatal e a competencia executiva autonómica, sen que procedese invocar outros títulos competenciais relacionados, como podería ser o relativo á competencia exclusiva autonómica en materia de industria.

Unha vez identificado o título competencial prevalente, a perspectiva do ditame orientábase en estudar o alcance que debe concederse aos conceptos "lexislación" e "execución" como criterio reitor do deslindamento competencial. Neste punto atendeuse a unha reiterada e consolidada xurisprudencia constitucional que se sintetiza en que as competencias referidas á lexislación son normativas e comprenden a totalidade da potestade para a regulación da materia á cal se contrae; e, pola súa banda, as competencias estritamente executivas son, por regra xeral, aplicativas, levando á práctica o establecido polas disposicións normativas.

En coherencia coa dita formulación e considerando as competencias executivas autonómicas na materia procedeuse a analizar os concretos preceptos da Lei 32/2014, do 22 de decembro, que a Comunidade Autónoma de Galicia pretendía impugnar coa interposición dun recurso de inconstitucionalidade.

A cerna da cuestión radicaba en determinar se os artigos sobre os cales se proxectaban as dúbidas de constitucionalidade podían entenderse incluídos dentro da competencia lexislativa exclusiva do Estado; neste caso, non vulnerarían a competencia netamente executiva que ten a Comunidade Autónoma, ou, polo contrario, transcendían da dita competencia para invadir as competencias materiais de execución que veñen tendo as comunidades autónomas.

E aínda que nos informes que figuran no expediente que foi remitido se consideraba problemático que o lexislador estatal adoptase a dirección de liberalizar todo o proceso de control metrolóxico, este Consello entendeu que esa vontade do lexislador estatal de establecer un sistema de execución do control metrolóxico aberto, non supón unha creba da repartición competencial constitucional, legal e xurisprudencialmente establecida que permite ao Estado esgotar a capacidade normativa na materia.

En efecto, aínda que por medio da derrogada Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e os reais decretos que a desenvolveron (particularmente o Real

decreto 889/2006, do 21 de xullo, que regula o control metrolóxico do Estado, tamén derrogado) o Estado establecía a posibilidade de que as comunidades autónomas optasen por sistemas de execución do control metrolóxico abertos ou pechados, a nova lei opta, exclusivamente, por un sistema aberto e uniforme para todas as comunidades autónomas, a través do mecanismo da "*autorización administrativa*".

Esta decisión pode considerarse plenamente coherente coa extensión da súa competencia lexislativa exclusiva, de acordo coa citada xurisprudencia constitucional (Ssentenza TC 100/1991) que establece:

> *"Este Tribunal ha venido declarando que cuando la Constitución usa el término «legislación» y lo atribuye a la competencia estatal incluye los reglamentos tradicionalmente denominados ejecutivos, esto es, los dictados en desarrollo de la Ley y complementarios de la normativa en ella recogida, con la finalidad de mantener una uniformidad en la ordenación jurídica de la materia, facilitando la colaboración entre ley y reglamento".*

Como xa se apuntaba no ditame, esta lei supón un paso máis nun camiño que o lexislador estatal comezou xa co Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, que traspuxo a Directiva 2004/22/CE do Parlamento e do Consello, e que establecera un novo sistema baseado na libre comercialización e posta en servizo dos instrumentos de medida que leven a marcación CE e a marcación adicional de metroloxía.

É evidente que o deseño do sistema de control metrolóxico está plena e pacificamente incluído dentro das competencias lexislativas exclusivas que posúe o Estado na materia. No seu exercicio, mais que unha opción definitiva por un sistema pechado ou único, o Consello considerou que a lei optou por pospoñer, a un futuro real decreto, a forma ou formas en que poderán ser xestionadas as competencias executivas autonómicas, pero sen negar a potestade autoorganizativa autonómica, é dicir, sen que o contido do artigo 19 vulnere directamente as competencias executivas autonómicas, xa que neste se recoñece que *"....outorgarán a correspondente autorización a aquelas entidades que cumpran os requisitos a que se refire o apartado anterior de conformidade co procedemento que establezan"*.

Para maior abastanza, tampouco pode considerarse que a disposición transitoria única, que obriga a adoptar as medidas necesarias para garantir a aplicación do sistema de "autorización" antes do 1 de xaneiro de 2017, atente contra os principios de seguridade xurídica e demais consagrados no artigo 9.3 da CE, porque as consecuencias da revogación da concesión administrativa de xestión do servizo público constan, claramente, establecidas no contrato, no prego de cláusulas

administrativas polo que se rexe (artigo 15.2) e no texto refundido da Lei de contratos do sector público, e demais disposicións concordantes. Do mesmo xeito, eventuais reclamacións económicas pola resolución unilateral dunha concesión poderán dar lugar á aplicación da normativa que regula a responsabilidade contractual ou, mesmo, responsabilidade patrimonial extracontractual do Estado lexislador. Pero con independencia do anterior, nin unha eventual responsabilidade económica pode ter relevancia constitucional, nin a disposición transitoria única supón unha creba do principio de seguridade xurídica.

En todo caso, tanto os artigos 8 e 19 como a disposición transitoria única esixen un desenvolvemento regulamentario, e será este futuro desenvolvemento, o que determine, con claridade e concisión, aspectos tan relevantes como, entre outros, a modalidade e o alcance do control aplicable en cada caso, os principios e normas xerais da designación dos axentes que interveñen nel, o procedemento para a designación destes organismos e o seu réxime de incompatibilidades, cualificación e réxime de habilitación, polo que tamén haberá que aterse ao que se determine nesta disposición, para analizar, completamente, un eventual exceso competencial por parte do Estado na materia. Considerouse, en definitiva, que o deseño dun sistema de execución do control metrolóxico para todo o territorio estatal estaría xustificado no marco dunha competencia lexislativa exclusiva.

Nestas circunstancias, segundo este Consello, os artigos impugnados non merecen un reproche de inconstitucionalidade, debendo impoñerse unha interpretación deste, acorde coa repartición constitucional de competencias inherente ao noso Estado.

Por outra parte, no ditame mereceu unha especial consideración o artigo 8.5 e o artigo 19.3 parágrafo 2º, en relación co principio de territorialidade das normas autonómicas.

Como é sabido, no ámbito das autonomías rexe, con carácter xeral, o principio de territorialidade; é dicir, a eficacia das normas queda circunscrita aos seus límites xeográficos. Non obstante, de xeito excepcional as normas poden ter efecto máis aló do propio territorio autonómico, cumprindo unha serie de presupostos definidos pola doutrina constitucional, sempre que o permita o ordenamento constitucional e sexa necesario para o exercicio das competencias propias das devanditas comunidades autónomas (SSTC 1/1982, do 28 de xaneiro e 72/1983, do 29 de xullo).

Este Consello considerou que, neste caso, non se daban estas circunstancias.

Sentado o anterior, en principio, non debe existir eficacia extraterritorial dunha norma autonómica sobre materias que non son da súa competencia. Con todo, ao dispoñerse na Lei de metroloxía que impere a norma da autoridade de orixe dun operador económico na comunidade onde pretenda exercer o control metrolóxico, as competencias da autoridade de destino vense desprazadas pola aplicación extraterritorial das normas do territorio de orixe. Como consecuencia, os requisitos adicionais regulados pola autoridade de destino non se aplicarán.

Así, e tal e como recolle o ditame, ata a entrada en vigor da Lei 32/2014, do 22 de decembro, nesta materia rexía o principio de territorialidade, de modo que as competencias de execución das comunidades autónomas eran exercidas no seu ámbito territorial, entendendo como tal o lugar onde se exercía a actividade.

O Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, que regula o control metrolóxico do Estado estableceu na súa exposición de motivos que *"No ámbito nacional e de acordo coas sentenzas do Tribunal Constitucional anteriormente referidas* (as citadas SSTC 100/1991 e 236/1991), *a titularidade das competencias executivas en materia de control metrolóxico do Estado correspóndelles ás comunidades autónomas e por iso os preceptos contidos nesta norma llelas atribúen, determinando que lle corresponde á Administración pública competente, no seu ámbito territorial, a responsabilidade de cumprir e facer cumprir esta normativa. Por esta razón, tendo en conta que mediante a presente norma se traspón a mencionada directiva, deben observarse, así mesmo, os principios que conforman as relacións entre os países da Unión Europea, como é o do mutuo recoñecemento que deriva do disposto nos artigos 28 e 30 do Tratado de Amsterdam. De igual xeito que o devandito principio debe respectarse no referido ámbito comunitario, loxicamente debe manterse no ámbito estatal español e polo tanto entre as comunidades autónomas que o compoñen".*

Pero o criterio subxectivo da nova lei, que leva a aplicar a normativa en función do suxeito e non do lugar onde se exerza a actividade, orixina que nun territorio poidan coexistir réximes xurídicos distintos para un mesmo obxecto: aos operadores doutra comunidade autónoma aplicaráselles a súa normativa de procedencia, mentres que os que residan na comunidade autónoma onde exerzan a súa actividade, aplicaráselles a desta. Como caso extremo podería suceder, perfectamente, que no territorio dunha comunidade, respecto dunha determinada actividade de control, se chegasen a aplicar ata 19 regulacións diferentes que operarían respecto de operadores distintos, en razón da súa procedencia.

Como di o CCG 438/15, o anterior orixina que as maiores dúbidas se encontren na falta de delimitación territorial das competencias executivas autonómicas de control metrolóxico, ao contrario do que acontecía na lexislación anterior, onde a situación territorial do instrumento de medida, determinaba, primariamente, a Administración competente, aínda que, para encontrar a devandita vinculación, di o ditame que *"debiamos acudir máis ao Real decreto 889/2006 de desenvolvemento que á propia Lei de 1985"*.

Así, coa nova regulación, calquera comunidade autónoma pode designar, con carácter xeral, os "organismos designados" que poderán actuar fóra dos límites territoriais da Administración que os designou e, polo tanto, en calquera punto do territorio nacional. Os seus actos serán válidos e producirán efectos fóra do territorio da comunidade, sen participación ningunha da administración na cal se encontre o aparato ou instrumento de medida, dado que "poderán actuar" fóra da comunidade que os designou, co que nada impide que nos encontremos con que, o exercicio das súas competencias executivas sobre os instrumentos ou aparatos de control metrolóxico que se encontren en Galicia pola comunidade, sexa inexistente. Agora ben, deixouse constancia que a resposta ofrecida a esta cuestión polo Tribunal Constitucional na STC 236/1991, cando ao responder ás alegacións do goberno vasco, afirmaba:

> *"...Mais este razoamento impugnatorio non pode ser admitido, posto que no devandito apartado a Lei de metroloxía se limita a dicir que se recoñece validez en todo o territorio do Estado aos controis metrolóxicos que, en aplicación desta, efectúen os órganos da Administración do Estado ou, se é o caso, os das comunidades autónomas. Non existe aquí, polo tanto, exclusión ningunha das facultades autonómicas de execución, senón un razoable recoñecemento da eficacia extraterritorial ou supracomunitaria da actividade de control efectuada polas administracións autonómicas."(STC236/91,FX5).*

Todo o exposto levou ao Consello a concluír que non existía creba de constitucionalidade nos preceptos que se pretendían impugnar, e que se debería impoñer unha interpretación del acorde coa repartición constitucional de competencias, inherente ao noso Estado.

3. A REVISIÓN DE OFICIO

3.1. O principio de eficacia *erga omnes* das sentenzas anulatorias de disposicións administrativas de carácter xeral en relación cos actos administrativos ditados ao seu abeiro que adquirisen firmeza con anterioridade

A cuestión foi obxecto de estudo por este órgano consultivo con ocasión da remisión, para preceptivo ditame, dun expediente incoado polo Concello de Vilagarcía de Arousa para a revisión de oficio de dous actos administrativos –licenza de construción de edificio e posterior licenza de primeira ocupación- ditados pola corporación municipal.

Pois ben, no Ditame CCG 115/14 (con rexistro de entrada no ano 2014 pero emitido no ano 2015) analizouse a declaración de nulidade das referidas licenzas municipais, unha vez que, por sentenza firme da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 10 de novembro de 2005, resultou anulado o acordo da Comisión de Goberno que dera aprobación definitiva ao estudo de detalle da parcela en que se sitúa o edificio.

O ditame de razón partía da conformidade das citadas licenzas municipais coas previsións do aludido estudo de detalle aprobado definitivamente o 15.04.2002; instrumento que se atopaba en vigor no momento do outorgamento daquelas, con datas 17.06.2002 e 07.03.2005, respectivamente.

O artigo 168.2 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, *ratione temporis*, dispón que: *"as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos"*.

En sentido similar, o artigo 194.1 da LOUGA establece que: *"a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente"*.

Pois ben, como advirte o dito ditame, é precisamente na función legalmente encomendada á licenza urbanística onde está a clave da resolución do expediente a que se contrae este, pois na comprobación do axuste ao ordenamento urbanístico por parte do Concello, contaba este, como parámetro urbanístico máis inmediato, coas previsións do estudo de detalle da parcela que fora obxecto da licenza controvertida.

A este respecto, sinalábase a natureza de disposicións normativas de carácter xeral que, malia o seu marcado carácter de planeamento executivo, teñen os estudos

de detalle. En relación con esta cuestión, sinalábanse no ditame as sentenzas do 11 e 28 de novembro de 1981. Nesta última sinálase que:

> *"...estos «estudios de detalle», introducidos por la Ley de reforma de la Ley del suelo de 1956, efectuada por la de 2 mayo, y recogidos en el art. 14 del texto refundido de 9 abril 1976, forman parte del bloque ordinamental urbanístico, aunque ocupando el último escalón, lo que quiere decir que al operar dentro del mismo el principio de jerarquía normativa, por la asimilación de los componentes de este bloque a las disposiciones de carácter general -arts. 55 y 57 de la vigente Ley del suelo: SS. de 4 noviembre 1972, 22 mayo 1974, 10 junio 1977, 11 mayo 1979, 29 septiembre 1980-, tales estudios tendrán forzosamente una función subordinada a la de los distintos planes operantes dentro de su territorio, y de toda la normativa urbanística, vigente en cada momento histórico; aunque, claro está, por pertenecer como queda dicho a la parte ordinamental de la planificación, a su vez se hallan situados a un nivel superior al de los actos de ejecución de tal ordenamiento, empezando por los proyectos de urbanización".*

Tamén se citaba a sentenza do 22.10.1986, na cal o propio Tribunal Supremo afirma, con contundencia, que os estudos de detalle *"aunque sean un apéndice del planeamiento son precisamente por esto planeamiento en sí como prolongación de los planes que les preceden y en los que se sustentan (...). Porque si son plan, son una norma, como reiteradamente proclama la jurisprudencia de los planes en general (...)"*.

Unha vez precisada a natureza xurídica dos estudos de detalle, o CCG 115/14 tivo en conta a doutrina xurisprudencial que, por razóns de seguridade xurídica, atempera o principio de eficacia *erga omnes* das sentenzas anulatorias de disposicións administrativas de carácter xeral, en relación cos actos administrativos, ditados ao seu abeiro, que adquirisen firmeza con anterioridade. Previsión esta, recollida no artigo 73 da Lei 9/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que di:

> *"As sentenzas firmes que anulen un precepto dunha disposición xeral non afectarán por si mesmas a eficacia das sentenzas ou actos administrativos firmes que o aplicasen antes de que a anulación alcanzase efectos xerais, salvo no caso de que a anulación do precepto supuxese a exclusión ou a redución das sancións aínda non executadas completamente".*

Así mesmo, o ditame trasladaba os razoamentos da sentenza do Tribunal Supremo do 17 de xuño de 2009 (F.X. quinto), a teor da cal:

"Como síntesis de una prolongada línea jurisprudencial, en la STS de 4 de enero de 2008 hemos expuesto que "Ciertamente, esta Sala Tercera del Tribunal Supremo , interpretando antes lo establecido en los artículos 120 de la Ley de Procedimiento Administrativo de 1958 y 86.2 de la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa de 1956, y ahora lo dispuesto en los artículos 102 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y de Procedimiento Administrativo Común, y 73 de la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativo 29/1998, ha declarado que por razones de seguridad jurídica se atempera el principio de eficacia erga omnes de las sentencias anulatorias de las disposiciones de carácter general respecto de los actos administrativos que hubiesen adquirido firmeza con anterioridad a que la sentencia anulatoria de aquellas disposiciones alcanzase efectos generales Sentencias, entre otras, de fechas 26 de febrero de 1996, 28 de enero y 23 de noviembre de 1999, 24 y 26 de julio de 2001 y 14 de julio de 2004, y concretamente se ha declarado que la anulación de los instrumentos de planeamiento deja a salvo las licencias firmes (Sentencia de fecha 8 de julio de 1992)".

(En este mismo sentido SSTS de 10 de diciembre de 1992, 30 de marzo de 1993, 26 de abril de 1996, 19 de mayo y 23 de diciembre de 1999, 31 de enero, 3 de febrero, 19 de junio y 30 de octubre 2000, 30 de septiembre de 2002, 22 de diciembre de 2003 o 14 de noviembre de 2004).

Así, en esta última STS de 14 de noviembre de 2006 señalamos que "en el caso de disposiciones generales, el control judicial de las mismas (art. 1 LJCA), permite su impugnación directa e indirecta por los interesados (arts. 25 y 26 LJCA) ante los Tribunales y acceder con ello de manera inmediata a un pronunciamiento sobre su legalidad y el restablecimiento de la situación jurídica individualizada, incluida la indemnización de los daños y perjuicios causados, según resulta del art. 31 de la citada Ley Jurisdiccional. Los efectos de dicho control judicial son distintos según se trate de la impugnación directa o indirecta, pues en este caso la declaración de nulidad se proyecta sobre el acto de aplicación y en nada afecta a otros actos fundados en la misma norma que no hayan sido impugnados y, tratándose de la impugnación directa, si bien la declaración de nulidad de la disposición general tiene efectos erga omnes, ello no alcanza a los actos firmes y consentidos dictados a su amparo (art. 102.4 Ley 30/92 y 73 LJCA), de manera que el administrado afectado tiene el deber jurídico de soportar las consecuencias derivadas de tal actuación administrativa que no resulta revisable ni afectada por aquella apreciación de ilegalidad de la norma que le sirve de amparo.

(...)".

Tamén se citaba a Sentenza do Tribunal Supremo do 4 de xuño de 2013, na cal se indica que:

> *"En las SSTS 19 de diciembre de 2011 y 7 de marzo de 2012, en un ámbito tributario, se expuso:*
>
> *"La irretroactividad de la anulación de una disposición general a los actos administrativos de aplicación que hubieran adquirido firmeza con anterioridad a que la sentencia anulatoria alcance efectos generales, salvo en los supuestos de exclusión o reducción de sanciones no ejecutadas, aparece expresamente establecida en el artículo 73 LJCA, y tiene, incluso, indudable arraigo en nuestra jurisprudencia anterior a dicha Ley, que utilizó la previsión contenida en el artículo 120 de la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1958 y la proyección de lo establecido en el artículo 40.1 de la Ley Orgánica del Tribunal Constitucional para las sentencias declaratorias de inconstitucionalidad de leyes, disposiciones o actos con fuerza de ley.*
>
> *El Consejo de Estado, es cierto, en informe de 15 de junio de 1995 emitido con ocasión del inicial Anteproyecto de la Ley vigente, insistió en que la previsión suponía un injustificado acercamiento entre la derogación y la anulación difícilmente aceptable en cuanto parece desconocer la eficacia "ex tunc" de la anulación que, por razones de ilegitimidad, elimina una disposición del ordenamiento, lo que (sin perjuicio del principio de conservación de actos) supone tanto como declarar que la disposición anulada "no ha podido estar" -y por tanto, no ha estado jurídicamente- inserta en el ordenamiento jurídico. Pero también lo es que, como se ha adelantado, la jurisprudencia ha mantenido y mantiene un criterio diferente. Así, la STS de 12 de diciembre de 2003 (rec. de cas. 4615/1999) señala que "es, en definitiva, doctrina de esta Sala que aunque la declaración de una disposición general, por ser de pleno derecho produzca efectos "ex tunc" y no "ex nunc", es decir que los mismos no se producen a partir de la declaración, sino que se retrotraen al momento mismo en que se dictó la disposición declarada nula, esta eficacia, por razones de seguridad jurídica y en garantía de las relaciones establecidas se encuentra atemperada por el artículo 120 LPA (hora por el artículo 73 LJCA), en el que con indudable aplicabilidad tanto en los supuestos de recurso administrativo como en los casos de recurso jurisdiccional, se dispone la subsistencia de los actos firmes dictados en aplicación de la disposición general declarada nula, equiparando la anulación a la derogación en que los efectos son "ex nunc" y no "ex tunc", si bien sólo respecto de los actos firmes, permaneciendo en cuanto a los no firmes la posibilidad de impugnarlos en función del ordenamiento jurídico aplicable una vez declarada nula la disposición general."*

Por todas estas consideracións, o CCG 115/2014 concluíu que, no suposto analizado, non constando que as licenzas, cuxa nulidade de pleno dereito invocaba

a comunidade de propietarios interesada, fosen impugnadas no seu momento, estas deben considerarse como actos firmes e consentidos, non sendo susceptibles de afectación pola anulación en sentenza, do estudo de detalle, e sen que proceda, polo tanto, a súa revisión.

3.2. A nulidade do acto administrativo e os seus efectos nos actos sucesivos do procedemento

Con ocasión do exame dun expediente remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para preceptivo ditame deste órgano, o Consello Consultivo de Galicia tivo ocasión de pronunciarse verbo dun procedemento de revisión de oficio tramitado para anular a renovación dunha autorización ambiental integrada, por virtude da tese favorable á procedencia da revisión naqueles supostos nos que a nulidade dun acto administrativo precedente afecta decisivamente a estrutura doutro subseguinte. Expediente este, que pola súa singularidade, merece ser incorporado a esta memoria de actividades.

O ditame de razón, o CCG 126/2015, analizou a cuestión verbo da causa de nulidade invocada pola Administración actuante para a revisión de oficio, ao abeiro do artigo 62.1 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, precepto que se refire a actos *"expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición"*.

No suposto examinado, o ditame abordou a cuestión sobre a que gravitaba a revisión de oficio, tendo en conta que se trataba da resolución de renovación dunha autorización ambiental integrada, acto este, expreso, firme e atributivo de dereitos, tal e como así se desprende da propia definición de autorización ambiental integrada contida no artigo 3.a) da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (na redacción aplicable ao caso examinado), a teor do cal se entende por tal a *"resolución do órgano competente da comunidade autónoma en que estea situada a instalación, pola que se permite, para os únicos efectos da protección do ambiente e da saúde das persoas, explotar a totalidade ou parte dunha instalación, baixo determinadas condicións destinadas a garantir que esta cumpre o obxecto e as disposicións desta lei."*

En virtude do anterior, no citado ditame analizábase se se podía considerar que a renovación da dita autorización ambiental integrada fora outorgada carecendo

dos requisitos esenciais para a súa adquisición, tendo en conta a súa vinculación e dependencia con respecto da autorización inicial.

No ditame púxose de manifesto que a teor do recurso contencioso-administrativo interposto contra as dúas resolucións polas que, respectivamente, se outorgaba a autorización ambiental integrada e a súa actualización, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza estimatoria do recurso (núm. 1218/2011, do 15 de decembro).

Doutra banda, e interposto recurso de casación contra a dita sentenza, tamén se sinalaba no ditame que este fora desestimado pola Sentenza do Tribunal Supremo núm. 2869/2014, do 27 de xuño, anudándose a controversia suscitada no momento da emisión do denominado informe urbanístico regulado no artigo 12.1 b) en relación co artigo 15 da Lei 16/2002 establecendo a clara vinculatoriedade do citado informe, se este resulta negativo ou desfavorable.

Do contido das anteriores sentenzas, o ditame significaba no caso de que trata, fundamentalmente, tres aspectos: en primeiro lugar, que, ante o carácter negativo do informe sobre compatibilidade urbanística previsto nos artigos 12.1.b) e 15 da Lei 16/2002, a Administración autonómica non ten opción, dado o carácter vinculante obstativo daquel. En segundo lugar, ambas as sentenzas consideran que, no suposto nelas analizado, existiu un pronunciamento municipal en materia de compatibilidade urbanística negativo e, polo tanto, vinculante obstativo. E, en terceiro lugar, a STSXG cualifica expresamente o vicio existente nas resolucións impugnadas como de nulidade ao sinalar, no último inciso do fundamento de dereito cuarto que: *"(...) En consecuencia ten que ser acollida a primeira das causas de nulidade das resolucións impugnadas (...)"*.

Tendo en conta isto, o ditame CCG 126/2015 realizaba un estudo pormenorizado da renovación da autorización ambiental integrada, con referencia expresa aos preceptos reguladores da materia, e sinalaba que tendo en conta a dita regulación así como o sinalado na doutrina establecida na STSX de Galicia 83/2015, do 12 de febreiro, non será preciso o informe municipal sobre compatibilidade urbanística con motivo da renovación da autorización ambiental integrada no caso de que xa a emitira o concello, con ocasión do procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada inicial, *"logo de declaración de compatibilidade co planeamento urbanístico"* (e non se producisen, durante a vixencia da autorización inicial, modificacións sobrevidas do planeamento que puidesen afectar a actividade proxectada), por canto, en palabras da

STSXG anteriormente citada "*trátase de continuar unha actividade que xa se tería iniciado logo de declaración de compatibilidade co planeamento urbanístico"*.

A mesma tese, apuntaba o ditame, é a mantida na posterior STSXG 83/2015, do 12 de febreiro, a cal, ante o motivo de impugnación consistente na omisión do trámite de informe do concello acreditativo da compatibilidade do proxecto co ordenamento urbanístico no seo do procedemento de renovación dunha autorización ambiental integrada, desestimou o devandito motivo indicando que: *"E trátase, decimos, da renovación da autorización e non se discute que se incluíu o informe do ayuntamiento no procedemento da concesión da autorización"*.

Finalmente, e de acordo coa análise realizada, advertía o CCG 126/2015 que nos supostos en que no seo do expediente de renovación non se solicite nin se emita o informe municipal sobre compatibilidade urbanística, a vinculación e a dependencia da renovación respecto da autorización inicial resulta clara, xa que a preexistencia dunha autorización ambiental válida outorgada logo da declaración municipal de compatibilidade urbanística eríxese en requisito que se ten que reputar esencial, para o outorgamento da renovación.

En atención á dita cuestión, sinalábase que ao se desestimar o recurso de casación pola STS do 27 de xuño de 2014, a nulidade declarada xudicialmente da autorización ambiental integrada inicial, baseada no carácter negativo do informe municipal en materia de compatibilidade urbanística, implica a nulidade da renovación, por falta dun requisito esencial para a súa adquisición (artigo 62.1.f) da LRXPAC. Posto iso en relación co artigo 64 da mesma lei, que, interpretado *a sensu contrario,* prevé que a nulidade dun acto implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan dependentes do primeiro.

Asi, a tese favorable á procedencia da revisión de oficio nos supostos en que a nulidade dun acto administrativo precedente afecta decisivamente a estrutura doutro subseguinte, por virtude dos citados preceptos, foi analizada pormenorizadamente no ditame de referencia con mención expresa a diversos ditames do Consello de Estado tales como os núm. 2648/1999, 734/2008, 735/2008, 1751/2011 ou 196/2012 (este último relativo tamén a un suposto de renovación).

Así mesmo, trasladáronse a el os razoamentos da STS do 22 de novembro de 2007, a teor da cal:

> *"(...) la ya clásica jurisprudencia (por todas STS de 16 de junio de 1980) ha puesto de manifiesto que aunque la licencia o autorización administrativa representa una*

remoción de límites en el ejercicio de un derecho subjetivo del administrado, ello no implica que, una vez removidos tales límites, la Administración se vea desposeída de sus prerrogativas originarias, sino que las conserva por tratarse de una materia en la que los deberes de policía ejercitables por los entes públicos están dirigidos a la tutela y defensa de fines de interés general, naturalmente presentes en todo momento.

Y esto es lo acontecido en el supuesto de autos. La autorización (...), ha actuado como presupuesto habilitante de la posterior actuación autorizatoria municipal (...). Mas desaparecida, revocada o dejada sin efecto la inicial autorización, la Administración municipal que ---con base en la previa autorización--- había ejercitado sus competencias (...), no puede permanecer jurídicamente impasible ante la desaparición jurídica de la previa actuación autorizatoria que había habilitado y posibilitado su posterior actuación. Por el contrario, sus obligaciones de control sobre la permanencia de la legalidad, y en la legalidad, de lo autorizado continúan y permanecen vigentes, quedando, en consecuencia, obligada ---en el ejercicio de sus propias potestades--- a revocar su anterior autorización en supuestos como el de autos. Por ello, su impasividad jurídica ha tenido que ser activada por la decisión judicial que la ha obligado a iniciar ---simplemente ello--- el correspondiente procedimiento de revisión de oficio.

Tal actuación jurisdiccional no puede, en la anterior perspectiva, ser considerada como extralimitadora del contenido del fallo de la sentencia que se ejecutaba, por cuanto se trata de una implícita consecuencia del citado contenido anulatorio jurisdiccional, así como un aspecto complementario del mismo. La potencialidad, ámbito y extensión del contenido del fallo de la sentencia que se ejecuta ---que ha eliminado el presupuesto esencial de las licencias concedidas--- abarca, pues, la obligación de activar el instrumento de revisión de oficio de los actos nulos contemplada en el artículo 102 de la LRJPA, sin que la aparente legalidad de las licencias pudiera quedar blindada o aislada en el marco de nulidad producido como consecuencia de una decisión jurisdiccional (...)".

Outra cuestión que tivo que ponderar o Consello Consultivo foi se no caso analizado poderían resultar de aplicación os límites da revisión previstos no artigo 106 da LRXPAC, considerando que as circunstancias concorrentes no dito suposto non favorecían a súa aplicación, tendo en conta que: a) se estaba ante a revisión de oficio dunha resolución do ano 2013; b) no momento de presentar a solicitude de renovación, xa existía un pronunciamento xudicial (STSXG 1218/2011, posteriormente confirmada en casación) que anulaba a resolución de outorgamento da autorización ambiental integrada sobre a base da existencia dun pronunciamento municipal negativo en materia de compatibilidade urbanística; e c) os datos en que se baseaban os informes do arquitecto municipal e do enxeñeiro técnico industrial,

emitidos no seo do procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada e analizados na dita STSXG 1218/2011, non foron contraditos polo concello con ocasión do procedemento de renovación, como se desprende do documento de información urbanística achegado pola empresa coa solicitude así como do informe emitido polo concello en materia ambiental, sen que a dita empresa alegase nada ao respecto durante a tramitación do dito expediente.

Trasladando as anteriores consideracións ao suposto obxecto de ditame, este órgano consultivo finalmente concluíu que as visicitudes do caso determinaban a aplicación da revisión de oficio.

3.3. A revisión de oficio causada pola nulidade de actos administrativos de contido imposible: o aspecto material da imposibilidade

Con motivo dun expediente de revisión de oficio en materia tributaria, o ditame CCG 214/15, xa apuntaba que non todas as infraccións susceptibles de provocar a anulación dun acto administrativo mediante o exercicio das vías ordinarias de impugnación, poden ser esgrimidas, con éxito, nesta vía excepcional. Antes ben, esta só procederá nos supostos en que o acto se atope viciado por algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas, no suposto analizado, no artigo 217.1 da LXT, o cal reproduce con fidelidade a numeración contida no citado artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A cerna da cuestión cinguíase a examinar a nota de imposibilidade nun expediente de revisión remitido pola Consellería de Facenda e tramitado ao abeiro do artigo 217.1 c) da LXT.

A controversia gravitaba arredor da consideración da liquidación practicada como acto de contido imposible, tendo en conta que esta derivaba do contrato de compravenda dun predio, alegando o interesado, para os estritos efectos que aquí nos ocupan, unha suposta dobre venda deste, con anterioridade ao outorgamento da escritura pública.

Como xa sinalaba o ditame, respecto desta causa de nulidade (similar á prevista no artigo 62.1.c) da LRXPAC) a xurisprudencia ten establecido, en sentenzas como a do Tribunal Supremo, do 3 de decembro de 2008, que :

> *"(...) tradicionalmente se ha venido entendiendo que los actos administrativos de contenido imposible son aquellos en los que concurre una imposibilidad física o*

material, pero no imposibilidad legal con carácter general, pues por esta vía podría llegarse a considerar que cualquier acto contrario a la Ley es nulo de pleno derecho por tener un contenido imposible por ser incompatible con la Ley.

En este sentido esta Sala ha declarado que «La nulidad de actos cuyo contenido sea imposible ha sido apreciada siempre con suma prudencia por la doctrina y la jurisprudencia, que trata de evitar que se amplíe inadecuadamente el supuesto legal a cualquier acto desprovisto de fundamento jurídico para ser dictado. (...) La imposibilidad a que se refiere la norma de la Ley de procedimiento debe ser, por ello, de carácter material o físico, ya que una imposibilidad de carácter jurídico equivaldría prácticamente a ilegalidad del acto, que suele comportar anulabilidad (...) la imposibilidad debe ser, asimismo, originaria ya que una imposibilidad sobrevenida comportaría simple ineficacia del acto. Actos nulos por tener un contenido imposible son, por tanto, los que resultan inadecuados, en forma total y originaria, a la realidad física sobre la que recaen. Son también de contenido imposible los actos que encierran una contradicción interna en sus términos (imposibilidad lógica) por oponerse a leyes físicas inexorables o a lo que racionalmente se considera insuperable. La jurisprudencia ha equiparado en algunos casos la indeterminación, ambigüedad o ininteligibilidad del contenido del acto con la imposibilidad de éste (sentencias de 6 de noviembre de 1981 y 9 de mayo de 1985)» (STS de 19 de mayo de 2000) (...)"

Na mesma liña, o ditame de referencia apuntaba a doutrina do Consello de Estado en ditames como o núm. 982/2013, así como tamén, a contida en ditames deste consello (por todos, DCCG 346/2004, 383/2005, 459/06 ou 155520/08), nos cales se ten razoado que o aspecto material da imposibilidade require que esta se evidencie á marxe de valoracións xurídicas, ou da ponderación ou transcendencia que, en dereito, corresponda a unha situación fáctica determinada, o cal non quere dicir que determinadas situacións cualificables como de *"imposibilidade xurídica"* non se poidan asimilar ou encadrar en *"imposibilidade material"*, como sen dúbida ocorre cando o acto de que se trate entra en clara e patente contradición lóxico-xurídica co propio ordenamento xurídico, mais aló da simple vulneración ou transgresión xurídica.

Trasladando tales consideracións ao caso a que se contrae o ditame, este estimou que a liquidación practicada non se podía considerar como acto de contido imposible, posto que o contrato de compravenda do que derivaba a liquidación practicada, sendo formalizado en escritura pública, determinaba a concorrencia, en principio, dos dous requisitos (título e modo ou entrega - neste caso a entrega instrumental ex-artigo 1462 do Código civil, a través da formalización da correspondente escritura pública)

para que operase a transmisión do predio, estando precisamente constituído o feito impoñible do imposto polo que se xirou a liquidación (imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas) por *"as transmisións onerosas por actos «inter vivos» de toda clase de bens e dereitos que integren o patrimonio das persoas físicas ou xurídicas"* (artigo 7.1.a) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados), e estando obrigado ao pagamento do dito imposto, a título de contribuínte nas transmisións de bens e dereitos de toda clase, a persoa que os adquire (artigo 8.a) do mesmo texto refundido).

Doutra banda, apuntábase tamén que, neste punto, cómpre recordar, por unha banda, que non corresponde ao catastro resolver cuestións de propiedade nin é competencia da Xerencia Catastral pronunciarse sobre a propiedade dos predios, tal e como sinalaba a proposta de resolución, con cita da STSX de Castilla y León do 11 de abril de 2008.

Así mesmo, e como recorda a STS do 20 de setembro de 2001:

"(...) Los datos del catastro, que es un registro administrativo, no son constitutivos del derecho de propiedad ni de los otros derechos reales (...).

Por lo que aquí interesa la propiedad de los bienes gravados es la determinante de la sujeción al impuesto, rigiéndose dicha propiedad por las normas de Derecho Civil, incluida su transmisión, lo que, en caso de otorgamiento de escritura pública y si otra cosa no acuerdan los intervinientes en ella, presume la entrega, que constituye al adquirente en titular del derecho y con ello, en sujeto pasivo del impuesto (...)".

E, máis recentemente, a STS do 14 de xullo de 2010 a cuxo teor:

"(...) las cuestiones de propiedad son ajenas a la cuestión nuclear objeto de la controversia, en tanto que el catastro es un registro administrativo, y los datos en el mismo contenido no son constitutivos del derecho de propiedad ni de los otros derechos reales (...). La propiedad interesa en el ámbito en el que estamos, en tanto la titularidad de los bienes gravados es la determinante de la sujeción al impuesto, rigiéndose dicha propiedad por las normas de Derecho Civil, incluida su transmisión. El acceso al catastro de la variación jurídica, que la transmisión supone, debe ser facilitado por los interesados mediante las correspondientes solicitudes de baja y alta respectivamente, cuyo incumplimiento ciertamente constituye infracción sancionable, pero carecen de virtualidad jurídica a efectos de definir la propiedad (...)".

Para maior abastanza, sinalábanse no mesmo sentido, e entre outras, as SSTSXG 639/2012, do 22 de outubro, e 659/2012, do 29 de outubro.

O ditame CCG 214/2015 significou ademais que tampouco se trataba dunha controversia que correspondera dilucidar á Administración tributaria, pois, como xa ten establecido este Consello Consultivo en anteriores ditames (como os DCCG 528/05, 691/05, 1555/08, 665/14 ou 692/14), nin a Administración nin o Consello Consultivo son os órganos competentes para axuizar nin dirimir problemas de propiedade.

En efecto, conforme indica a STS do 29 de abril de 1989 *"los problemas relativos a la titularidad dominical constituyen cuestiones civiles cuya decisión está vedada a la Administración"* (no mesmo sentido, SSTS do 25 de maio de 1.991, do 21 de decembro de 1.993 e do 29 de marzo de 1.994 ou a STSXG 273/2001, do 30 de marzo).

De xeito máis concreto, e para o estrito ámbito tributario, o ditame tamén trasladaba a argumentación contida na STSXG do 22 de abril de 2004, a teor da cal:

> *"(...) II.- Como bien recuerda el acuerdo impugnado, el art. 2.1 del texto Refundido del Impuesto señala que "El impuesto que regula esta Ley se exigirá con arreglo a la verdadera naturaleza jurídica del acto o contrato liquidable, cualquiera que sea la denominación que las partes le hayan dado, prescindiendo de los defectos, tanto de forma como intrínsecos, que puedan afectar a su validez y eficacia", quedando sujetas al impuesto, conforme al art. 7, "las transmisiones onerosas por actos inter vivos de toda clase de bienes y derechos".*
>
> *Como se tiene dicho en otras ocasiones, se entiende realizado el hecho imponible y nacida la correspondiente obligación tributaria, en el momento de la transmisión, esto es, en el momento en el que un determinado bien pasa de un titular a otro, y para el caso del contrato de compraventa, no basta con la celebración del contrato (título), sino que es preciso además el elemento de la entrega (modo). Solo así se produce la transmisión del derecho de que se trate, y desde ese instante cabe entender acontecido el presupuesto físico y jurídico previsto por el legislador al diseñar el nacimiento de la obligación tributaria cuando del Impuesto de Transmisiones Patrimoniales se refiere, y ello por aplicación de la aludida doctrina del título y el modo que se consagra en nuestro derecho al amparo del art. 609 del Código civil, conforme al cual "La propiedad y los demás derechos sobre los bienes se adquieren y transmiten...por consecuencia de ciertos contratos mediante la tradición".*
>
> *Pues bien, desde el Derecho Romano y los Glosadores, la entrega de la posesión, tradición o modo ha evolucionado desde la entrega real y material de la cosa (art. 1462.1 CC), pasando por ciertos formas de entrega ficticia (art. 1463), hasta la entrega instrumental mediante el simple otorgamiento de la escritura pública (art. 1462.2 C. C.), donde la tradición se halla implícita, a tenor del art. 1462.1 del propio C.C., y*

así "cuando se haga la venta mediante escritura pública, el otorgamiento de ésta equivaldrá a la entrega de la cosa objeto del contrato, si de la misma escritura no resultare o se dedujere claramente lo contrario".

Así las cosas, no resulta dudoso desde el punto de vista jurídico que el otorgamiento de aquel contrato de compraventa de las parcelas en la referida escritura pública de 1995, a través de la tradición instrumental representada por el otorgamiento de la misma, operó los efectos propios de la traslación del dominio, si a mayores se advierte que la aquí demandante tuvo conocimiento de la situación jurídico-registral de las fincas transmitidas, como lo revela la circunstancia expresada en la escritura pública de compraventa de la renuncia por ella expresada a la obtención de información registral, aduciendo el pertinente conocimiento de su situación jurídico registral.

Llegado a este punto, cabe preguntarse que acontece, desde el punto de vista tributario, ante el surgimiento de una causa de nulidad o anulabilidad del contrato preexistente en el momento de la compraventa.

Ya se dijo que, al respecto la Ley del Impuesto, preconiza que el impuesto se exigirá con arreglo a la verdadera naturaleza jurídica del acto o contrato liquidable, cualquiera que sea la denominación que las partes le hayan dado, prescindiendo de los defectos, tanto de forma como intrínsecos, que puedan afectar a su validez y eficacia, y que el art. 57 del mismo Texto legal establece que "cuando se declare o reconozca judicial o administrativamente, por resolución firme, haber tenido lugar la nulidad, rescisión o resolución de un acto o contrato, el contribuyente tendrá derecho a la devolución de lo que satisfizo por cuota al Tesoro, señalando que si el contrato queda sin efecto por mutuo acuerdo de las partes contratantes no procederá de la devolución del impuesto satisfecho y se considerará como un nuevo acto sujeto a tributación".

De la conjunción de ambos preceptos ya se concluye con la bondad jurídica de los razonamientos y conclusión desestimatoria que contiene el acuerdo impugnado, pues es evidente que el hecho imponible del impuesto se produjo con el otorgamiento de la referida escritura pública de compraventa, que no puede verse enervado por la concurrencia de posibles defectos que afecten al título transmisivo (capacidad de disposición del transmitente (...), todo lo más daría lugar a la oportuna pretensión de devolución como ingreso indebido de producirse las condiciones que aquel precepto establece, cuestión que no es la debatida aquí (...)"

De aí, que atendendo a todas estas consideracións, este órgano consultivo non considerase aplicable ao suposto examinado a procedencia da revisión de oficio da liquidación practicada, manifestando, por ende, o seu criterio favorable á proposta de resolución, emitida en sentido desestimatorio da solicitude de nulidade de pleno dereito instada.

Doutra banda, no ditame CCG 232/2015, relativo a un expediente de revisión de oficio tramitado polo Concello de Fene, a cerna da cuestión cinguíase á declaración de nulidade de pleno dereito dun acordo de compensación de créditos a favor dunha empresa, ao abeiro do mesmo artigo da Lei xeral tributaria, é dicir, do 217.1 c).

Neste suposto, o Consello Consultivo de Galicia advertía que pola natureza dos créditos que hai que compensar (facturas por subministración de enerxía eléctrica), resultaba evidente que non se estaba ante ningún imposto, taxa ou contribución especial, nin tampouco ante ningún ingreso de dereito público, polo que, en virtude diso, se concluíu que a Lei xeral tributaria non podía ser de aplicación.

Sen prexuízo diso, e en virtude das identidades existentes a nivel procedemental entre o procedemento establecido no artigo 217 da LXT e o establecido no artigo 102 da Lei 30/1992, e tendo constancia no expediente do cumprimento de todos os trámites e garantías do procedemento previsto neste último precepto, finalmente, este órgano consultivo entrou a analizar o fondo do asunto.

Respecto do motivo de nulidade invocado polo Concello, é dicir, o previsto no artigo 217.1, c) LXT e de contido similar ao previsto no artigo 62.1, c) da LRXPAC, o ditame CCG 232/15 si apreciou, neste caso, a concorrencia da citada causa, tendo en conta que no momento en que se acordara a compensación de créditos, a débeda que se pretendía compensar xa estaba pagada, e polo tanto era inexistente.

Por mor de todo iso, finalmente, este órgano consultivo considerou que o acto tiña un contido imposible e e emitiu informe favorable sobre a proposta de resolución municipal.

4. A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

A caducidade nos procedementos de resolución contractual: a suspensión do prazo máximo para resolver e a obrigatoria comunicación aos interesados Determinación da nota de esencialidade nos incumprimentos contractuais

Con ocasión da análise de distintos expedientes de resolución contractual, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse verbo do aspecto formal dos citados expedientes que, nalgúns casos, impediu a formulación dun pronunciamento sobre o fondo material presentado neles.

Cómpre sinalar que a resolución dun contrato constitúe un procedemento autónomo, con substantividade propia, que responde a un procedemento regulamentariamente normado no artigo 109 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en diante, RXLCAP), aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro. Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo do 2 de outubro de 2007 manifesta que "*es claro que entre las prerrogativas que en materia de contratación pública poseen las distintas Administraciones se halla la de resolver los contratos determinando los efectos de esa decisión, y esa resolución la pueden acordar los órganos de contratación bien de oficio o a instancia del contratista, mediante procedimiento en la forma que reglamentariamente se determine, y añade la norma que los acuerdos que decidan la resolución pondrán fin a la vía administrativa y serán inmediatamente ejecutivos*", concluíndo por iso que se trata dun procedemento autónomo e non dun incidente de execución deste.

Este artigo do RXLCAP establece o procedemento para a resolución dos contratos:

> *"1. A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista, logo de autorización, no caso previsto no último parágrafo do artigo 12.2 da lei, do Consello de Ministros, e cumprimento dos requisitos seguintes:*
>
> *a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio.*
>
> *b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía.*
>
> *c) Informe do Servizo Xurídico, salvo nos casos previstos nos artigos 41 e 96 da lei.*
>
> *d) Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte do contratista.*
>
> *2. Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho por parte do órgano correspondente."*

Porén, a disposición derradeira oitava da LCSP (precepto aplicable ao caso, *ratione temporis*), actualmente, disposición derradeira terceira do TRLCSP, establece que *"1. Os procedementos regulados nesta lei rexeranse, en primeiro termo, polos preceptos contidos nela e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, polos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e normas complementarias"*.

Este precepto remítenos aos tres primeiros puntos do artigo 42 da LRXPAC, que dispón que: "*1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación.*

»Nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desistencia da solicitude, así como desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

»Exceptúanse da obriga a que se refire o parágrafo primero, os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

2. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder os seis meses salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa comunitaria europea.

3. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses (...)".

O artigo 44 do mesmo corpo legal, en relación cos procedementos iniciados de oficio dispón que: *"(...) o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa non exime a Administración do cumprimento da obriga legal de resolver, producindo os seguintes efectos: (...) 2. Nos procedementos en que a Administración exerza potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92".*

Así as cousas, a problemática na perentoriedade dos prazos neste tipo de expedientes, faise máis evidente en asuntos de certa complexidade ou nos que ao longo do procedemento xorden diversas visicitudes tales como recursos, profusión de informes e contrainformes e mesmo, en ocasións, as dificultades derivadas das comunicacións aos interesados.

No entanto, esta limitación temporal no prazo máximo para resolver pode ser enervada a través da suspensión ao abeiro do artigo 42.5 C) da LRXPAC, que sinala que:

"5. O transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución poderase suspender nos seguintes casos: c) Cando se deban solicitar

informes que sexan preceptivos e determinantes do contido da resolución a órgano da mesma ou distinta Administración, polo tempo que medie entre a petición, que se deberá comunicar aos interesados, e a recepción do informe, que igualmente lles deberá ser comunicada. Este prazo de suspensión non podrá exceder en ningún caso os tres meses".

Estas consideracións foron, entre outras, ás que se referiu o CCG 465/2015, ditame en que se analizaron diversos aspectos relativos ao procedemento de resolución contractual verbo da controversia suscitada entre o Concello de Lugo e dúas empresas contratistas, por mor da resolución dos contratos administrativos correspondentes á execución da obra de construción dun edificio e á asistencia técnica para a redacción do proxecto técnico e dirección da obra.

O ditame de razón sinalaba a necesidade da comunicación aos interesados a que alude o artigo 42.5 c) e aínda que se recoñece que o teor literal da lei fala de comunicación, tamén se considerou, con referencia aos ditames 154 e 155/2015, que esa comunicación deberá ser efectiva antes do transcurso do prazo dos tres meses.

Así, o ditame parte de que aínda que é obrigado recoñecer que o precepto transcrito fala de comunicación -máis alá de sutís tecnicismos- para os efectos que nos ocupan, comunicación e notificación poden entenderse similares ('comunicar': facer saber [certa cousa] a alguén, fronte a 'notificar': comunicar [unha resolución] de maneira oficial) definicións ambas da RAG), no senso entendido de que o particular interesado teña cabal coñecemento, e antes de transcorrido o prazo de caducidade, da suspensión operada pola Administración.

Esta interpretación, que o interesado sexa coñecedor da suspensión ou ampliación de prazos antes da caducidade do procedemento, obedece, tal e como advertía o ditame, a principios tales como os de certeza e seguridade xurídica ou da igualdade de 'armas' procedementais que debe presidir todo procedemento, con consecuencias prácticas tamén, que deben ser tidas en consideración. Así, o descoñecemento da suspensión do prazo para resolver podería levar á crenza ao/aos interesado/os de que o procedemento estivera efectivamente caducado, coa relaxación das facultades de defensa das súas pretensións, cando non sería así, por estar este suspendido, mais sen ter coñecemento. Ao mesmo tempo, esta comunicación, esixida legalmente, permitiría ao interesado, se o considerase, reaccionar ante esta decisión administrativa, por considerar, por exemplo, que non nos atopásemos nun dos casos en que este Consello tivera que emitir o seu ditame.

A este respecto, o CCG 465/15 pon de manifesto que non son poucos os casos en que a solicitude de ditame é rexeitada polo contratista ou polo propio órgano consultivo por non ser un suposto en que este deba intervir. *Ad exemplum*: que a resolución sexa solicitada pola contratista (Ditame 754/2013, na senda da STS do 09.01.2012) ou que a única discrepancia entre as partes radique sobre o *quantum* indemnizatorio a que deben ascender os danos e perdas (suposto o que tampouco é necesario ao parecer do Consello. Por todos, o ditame CCG 153/2015 ou os 1121/2006 e 466/2010 do Consello Consultivo de Castilla y León).

O citado ditame tamén se fai eco da argumentación do Consello de Estado, que na súa memoria correspondente ao ano 2003, di:

> *"Todos los acuerdos de suspensión del transcurso del plazo máximo legal para resolver un procedimiento y notificar la resolución han de ser notificados –nótese que o órgano consultivo estatal non distingue entre comunicación e notificación- a los interesados, comunicándoles el plazo para la subsanación de deficiencias o la petición del informe o del pronunciamiento o la realización de las pruebas o la concurrencia de los otros supuestos del artículo 42.5 de la Ley 30/1992. El de notificación del requerimiento para subsanar será precisamente el dies a quo del plazo de suspensión a que se refiere el párrafo a) del artículo 42.5. En otros casos el dies a quo es el de petición del pronunciamiento de un órgano de las Comunidades Europeas o el de la petición del informe (párrafos b) y c) del artículo 42.5). Aunque en el artículo 42.5 nada se dice acerca del momento en que puede adoptarse la decisión de suspender el transcurso del plazo, parece que habrá de ser adoptada antes del vencimiento del plazo para el trámite de que se trate. Así lo establece el artículo 49.3 de la Ley 30/1992 para la ampliación de plazos. En todo caso, los acuerdos de suspensión y la prueba de su notificación deben ser remitidos siempre con el expediente para informe del Consejo de Estado".*

En definitiva, a comunicación ao contratista da suspensión do prazo máximo para resolver, e que este se faga efectivo antes da caducidade do procedemento, máis alá dun formalismo rigorista, é considerado por este órgano consultivo como un requisito de garantía para o administrado, interesado cualificado nun procedemento que o afecta de xeito indubitado. Todo isto, para os efectos de limitar unha falta de certeza e para ser coñecedor do seu estado de tramitación, evitar conclusións por este, afastadas da realidade, por non ser comunicado pola administración en prazo -o feito de non comunicarlle a suspensión poderá facer crer a lexítima expectativa de que o procedemento caducou e polo tanto abandonar a súa capacidade de reacción-, de non ver diminuída a súa posibilidade de manifestar ou probar a súa oposición, ou de

interpoñer os recursos que considere e, mesmo, de solicitar audiencia ante este órgano se así o considera.

Noutra orde de consideracións, no mesmo ditame tamén se analizou a nota de esencialidade nos incumprimentos contractuais verbo da posibilidade, respecto da empresa encargada da dirección de obra, de proceder á resolución contractual por virtude da causa estipulada na letra g) do artigo 206 da LCSP que establece, como causa de resolución dos contratos: "*O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato*" (nos mesmos termos o vixente art. 223, f) do TRLCSP).

Así, a controversia xurdía, pois mentres que o Concello, ao longo dos seus informes sinalaba que se procedera a un cambio no proxecto (substitución de nós de soldado por aparafusados) sen a aprobación previa dun novo modificado, a contratista alegaba a falta de constancia nos documentos contractuais, da nota de esencialidade que esixe o artigo transcrito. Respecto a iso, a Administración contratante sostiña que a nota de esencialidade non só debe vir nos pregos ou no contrato senón derivar do propio contido deste.

O citado ditame sinalaba que en canto á nota de esencialidade dos incumprimentos, a entrada en vigor da LCSP supuxo, con respecto á normativa anterior, (111 g) do TRLCAP) unha maior seguridade xurídica -fronte a situacións en ocasións abusivas por parte das administracións contratantes que optaban pola resolución contractual ante meras irregularidades na execución ou nas prestacións derivadas do contrato-, ou a esixencia de rigor na redacción dos documentos que deben rexer o contrato, forzando así unha maior concreción na redacción dos pregos.

O CCG 465/2015 advertía tamén que a nova redacción dada a esta causa de resolución na LCSP (e mantida no TRLCSP) sobre a indicación expresa da esencialidade das obrigas non pode ser interpretada de xeito tal que o incumprimento do obxecto do contrato estipulado e aceptado polas partes, (neste caso a memoria indica expresamente que "*as unións entre as distintas pezas é mediante soldadura*" e non mediante parafusos) non poida ser considerado esencial por así non estipulalo o prego. É dicir, viña soster que esa esencialidade declarada de xeito expreso sería necesaria para determinadas obrigas que poden ou non ter esta consideración en función das particulares circunstancias do contrato (pénsese por exemplo na fixación da data de entrega nun contrato de subministración, en que o seu atraso pode ser esencial ou unha mera irregularidade no cumprimento, ou a data do comezo dunhas

obras) mais non, respecto das obrigas que poidan ser consideradas como básicas e determinantes da adxudicación do contrato.

Así, sen ánimo de exahustividade, cuestións tales como o abandono ou o incumprimento do proxecto construtivo nos contratos de obras, aínda que non determinados expresamente no contrato, permiten que esas obrigas, pola súa natureza, deban ser consideradas como esenciais, pois a esencia do contrato sería tanto executar as obras en prazo como que a execución se acomode ao sinalado no proxecto, por considerarse o contrato de obras, un contrato de resultado.

Para maior abastanza, e aínda que se considere que esas obrigas non fosen cualificadas como esenciais, o que permitiría a súa resolución de forma automática, a acreditación doutros incumprimentos graves, esixiría unha maior motivación, pero non excluiría as posibilidades resolutorias.

Polas razóns expostas, o CCG 465/2015 avalou a interpretación do Concello verbo da aplicación da aludida causa de resolución contractual.

5. A RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

5.1. Anulación xudicial de actos administrativos. Cómputo do prazo de prescrición

Con motivo dun expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial tramitado polo Concello de Baiona, este órgano consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre o cómputo do prazo de prescrición tras a anulación xudicial da licenza de parcelación dun predio, no seu día, concedida ao reclamante por acordo da Xunta de Goberno Local.

Para o estudo do caso, o ditame partiu da aplicación do artigo 142.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico e do procedemento administrativo común, consonte o cal, *"en todo caso, o dereito a reclamar prescribe ao ano de producido o feito ou acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo"*.

Así mesmo, mencionaba a STS do 13 de maio de 2005, cuxa doutrina reitera, entre outras a do propio Tribunal do 11.07.2006 e dispón que:

> *"Según la jurisprudencia de esta Sala sobre el cómputo del plazo de prescripción de un año establecido para el ejercicio de la acción de responsabilidad patrimonial, ésta no puede ejercitarse sino desde el momento en que resulta posible por conocerse en sus*

dimensiones fácticas y jurídicas el alcance de los perjuicios producidos. Esta doctrina tiene su origen en la aceptación por este Tribunal (sentencias de la Sala Tercera de 19 de septiembre de 1989, 4 de julio de 1990 y 21 de enero de 1991) del principio de «actio nata» (nacimiento de la acción), según el cual el plazo de prescripción de la acción comienza en el momento en que ésta puede ejercitarse, y esta coyuntura sólo se perfecciona cuando concurren los dos elementos del concepto de lesión, es decir, el daño y la comprobación de su ilegitimidad".

Tamén, tivo en conta a STS do 04.04.2008 (fundamento xurídico sétimo) a teor da cal:

"En el caso examinado, partimos de las siguientes premisas: a) La normativa en que se basa la reclamación establece un plazo para deducir la misma que es de prescripción, como modo de extinguirse el derecho a la acción, de conformidad con los artículos 1920, apartado 2 y 1932, apartado 1 del Código Civil.

b) El cómputo arranca desde que se estabilizan los efectos lesivos en el patrimonio del reclamante, que es cuando hay conocimiento suficiente para valorar su extensión y alcance, teniendo en cuenta que el Código Civil sigue el principio de la «actio nata» y dispone en el artículo 1969 que el tiempo para la prescripción de toda clase de acciones, cuando no hay disposición especial que otra cosa determine, se contará desde el día que pudieran ejercitarse las respectivas acciones, lo que a efectos de una posible exigencia de responsabilidad implica el cómputo del término para la prescripción a partir del momento en que el perjudicado tuvo conocimiento del daño que sufrió (...)".

Apuntaba o ditame o dato de que a reclamante, parte demandante no procedemento xudicial en que recaera a sentenza decisoria, era plenamente coñecedora, mesmo antes de ditarse esta, dos danos e perdas que lle ocasionaría a eventual desestimación da súa pretensión e a ulterior firmeza do acto que declarou a nulidade da reparcelación. Por conseguinte, sinalaba o ditame que no momento e tan pronto como se lle notificou en legal forma, a sentenza desestimatoria á reclamante, xa dispuxo esta da totalidade dos elementos cuxa concorrencia determina, por aplicación da tese da *actio nata*, o inicio do cómputo do prazo de prescrición, con independencia de que, ademais, o seu aquietamento ao contido da dita resolución xudicial, ao deixar transcorrer o prazo de quince días para recorrer en apelación, determinase a firmeza desta.

O CCG 93/2015 tamén considerou que, mesmo para o negado suposto do da aplicación do artigo 142.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro –tal e como mantiña a interesada e acollía a proposta de resolución- o inicio do prazo de prescrición deberá

computarse en atención ao momento en que se produciu a firmeza da sentenza e non á data da súa notificación. En efecto, mesmo en tal caso, sería a firmeza da sentenza, e non a expresa declaración posterior dese efecto, o dato relevante.

Neste sentido, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, do 03.03.2006, ditada nun suposto de anulación dunha autorización municipal sobre ampliación de obras nunha discoteca propiedade do demandante, ao negar toda virtualidade para ao establecemento do *dies a quo* no momento de declaración da firmeza, establece que *"... en tanto que éste es un acto de mera ordenación que en modo alguno impide el ejercicio de la acción, y ello en tanto que la firmeza se produce por ministerio de la ley, una vez transcurrido el plazo para recurrir, conforme dispone el art. 207.2 de la LEC, sin necesidad de declaración expresa*".

Un razoamento, plenamente confirmado pola STS do 25.01.2011, que analizando o segundo motivo de casación, por infracción dos artigos 142 da LRXPAC e 4 do Regulamento de procedemento en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado polo Real decreto 429/1993, sinala:

> *"De la sentencia de 20 de junio de 2000, dictada en litigio en que la recurrente no había sido parte, dice el tribunal a quo que aquélla "tuvo conocimiento de la misma, según consta de sus propias manifestaciones realizadas en escrito de fecha 17 de abril de 2001". Ésta es una afirmación de hecho que no puede ser puesta en entredicho en sede casacional, por lo que resulta claro que el derecho a indemnización por daños pudo ser ejercido a partir del 17 de abril de 2001 y, en consecuencia, el 25 de abril de 2002, cuando se presentó la correspondiente reclamación de responsabilidad patrimonial de la Administración, había transcurrido más de un año.*
>
> *La sentencia de 2 de febrero de 2001, en cambio, fue dictada en un litigio en que la recurrente había sido codemandada, por lo que le fue notificada. Según el tribunal a quo, dicha notificación tuvo lugar el 14 de febrero de 2001; extremo que, además de constituir un hecho no susceptible de revisión en esta sede, no es negado por la recurrente. Ésta sostiene, más bien, que la declaración de firmeza de dicha sentencia se hizo mediante providencia de 3 de mayo de 2001, fecha a la que habría que estar de conformidad con el art. 4 del Reglamento de Reclamaciones de Responsabilidad Patrimonial . Este precepto reglamentario establece un cómputo del plazo para ejercer el derecho a indemnización por daños más beneficioso para el perjudicado que el recogido en el art. 142 LRJ-PAC. En efecto, mientras que la norma legal, por lo que se refiere a daños derivados de la anulación de actos administrativos, dice que "el derecho a reclamar prescribirá al año de haberse dictado la sentencia definitiva", la norma reglamentaria habla de "la fecha en que la sentencia de anulación hubiera*

devenido firme". Cabe preguntarse qué debe hacerse en aquellos supuestos en que la solución sea distinta según se aplique una u otra norma, cuestión que ha sido abordada por las sentencias de esta Sala de 18 de abril de 2000 y 19 de marzo de 2010 . Sin embargo, contrariamente a lo que sostiene el recurrente, ello no es lo que ocurre en el presente caso: la sentencia de 2 de febrero de 2001 fue notificada el 14 de febrero siguiente, por lo que el plazo para impugnarla, con arreglo al art. 89 LJCA , expiró diez días hábiles más tarde. Ése fue el momento en que, al no poder ser objeto de ulterior recurso, la citada sentencia devino firme; y, por ello, el derecho a indemnización por daños había indudablemente prescrito cuando el 25 de abril de 2002 fue presentada la reclamación de responsabilidad patrimonial de la Administración. La declaración de firmeza de la sentencia es una mera constatación y nada añade a la circunstancia determinante de aquélla, que es la falta de impugnación tempestiva de la sentencia cuando ello sea posible".

Completa a súa argumentación a sentenza do seguinte xeito:

"No es ocioso añadir, en fin, que, desde el punto de vista del derecho de defensa, lo verdaderamente importante para que comience a correr el plazo de prescripción de la reclamación de responsabilidad patrimonial de la Administración es, tal como ha tenido ocasión de subrayar la sentencia del Tribunal Europeo de Derechos Humanos de 25 de enero, el momento en que el interesado tiene conocimiento de la sentencia anulatoria del acto. Es entonces cuando sabe que el evento lesivo se ha consumado y, por tanto, cuando debe considerar si ejercer su derecho a indemnización por daños".

Por todas estas consideracións, finalmente o ditame concluíu que aínda que se aceptase a tese do reclamante e da proposta de resolución, a partir da invocación do número 4 do artigo 142 da LRXPAC, tampouco nese caso cabería afirmar a vixencia da acción.

5.2. O consentimento informado nos procesos asistenciais

Con ocasión da análise de distintos expedientes de responsabilidade patrimonial instruídos pola Consellería de Sanidade por mor dunha mala praxe na asistencia sanitaria prestada aos interesados, o Consello Consultivo tivo ocasión de recordar a necesidade do consentimento informado previo nos procesos asistenciais.

Como ten sinalado este órgano consultivo (CCG 1311/2008), a carga da proba de que a información facilitada, e de que existe consentimento do paciente, corresponde ao servizo sanitario de acordo co criterio que parte da menor dificultade que ten o devandito servizo de deixar constancia exacta dos termos en que se efectuou

o consentimento informado, xa que desprazar sobre o paciente a carga de probar que non se lle facilitou a información previa e imprescindible, suporía impoñerlle unha *"proba diabólica"*.

O CCG 79/2015 significaba que as previsións contidas na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, e na Lei de Galicia 3/2001, do 28 de maio, do consentimento informado e a historia clínica dos pacientes, demandan o consentimento informado por escrito para a realización de procedementos diagnósticos ou terapéuticos invasores, tal e como era o caso analizado no dito ditame.

Tamén sinalaba que, con carácter xeral, pode afirmarse que o facultativo debe de informar, en todo caso, sobre os riscos típicos e xenéricos da intervención, así como daqueles que poidan concorrer no suposto concreto ante as particularidades que este poida presentar, segundo ten establecido a doutrina do Tribunal Supremo a partir da Sentenza do 25.04.1994, consolidada por pronunciamentos posteriores como o do 28.07.1997 ou 11.05.2001.

Sobre o alcance do documento de consentimento informado, trasladouse ao ditame, as consideracións da Sentenza do Tribunal Supremo do 25 de marzo de 2010, que establece o seguinte:

> *«Mas la importancia del consentimiento informado se vislumbra al haber sido plasmado en el Convenio de Oviedo para la Protección de los Derechos Humanos y la dignidad del ser humano con respecto a la aplicación de la medicina y la biología de 4 de abril de 1997 que entró en vigor en España el 1 de enero de 2000. Y en el mismo queda establecido que un derecho del paciente es conocer los riesgos y consecuencias de una intervención quirúrgica. No establece diferencias entre riesgos raros o riesgos frecuentes, ni tampoco si sus consecuencias son graves o son leves. Por ello debe comprender los posibles riesgos conocidos que puedan derivar de la intervención las posibles complicaciones y las probables secuelas"*.

Así como que, a mesma sentenza, con cita dunha constante xurisprudencia (sentenzas do 16 de xaneiro de 2007, do 1 de febreiro de 2008 e do 22 de outubro de 2009) insiste no deber de obter o consentimento informado do paciente, e así engade:

> *"Pero no sólo puede constituir infracción la omisión completa del consentimiento informado sino también descuidos parciales. Así la ausencia de la obligación de informar adecuadamente al enfermo de todos los riesgos que entrañaba una intervención quirúrgica y de las consecuencias que de la misma podían derivar. Por ello, una cosa es la incerteza o improbabilidad de un determinado riesgo, y otra*

distinta su baja o reducida tasa de probabilidad aunque sí existan referencias no aisladas acerca de su producción o acaecimiento […]. No cabe, por tanto, considerar que no hubo, como hace la Sala de instancia, quebranto del consentimiento informado por el hecho de que el riesgo fuere considerado muy bajo. Lo que falta es la ausencia de esa eventual complicación de la intervención con su subsiguiente secuela para que el paciente, autónomamente hubiera decidido aceptar o no la intervención a la vista de una posible consecuencia lesiva grave aunque fuere de acaecimiento infrecuente pero no improbable. El contenido del consentimiento informado comprende transmitir al paciente (es decir, la persona que requise asistencia sanitaria) todos los riesgos a los que se expone en una intervención precisando de forma detallada las posibilidades, conocidas, de resultados con complicaciones».

Pois ben, aplicando esta doutrina ao caso sometido a ditame, finalmente apreciouse a concorrencia dunha circunstancia que determinaba a necesidade de declarar a existencia de responsabilidade por parte da Administración, emitindo informe desfavorable sobre a proposta de resolución.

5.3. A solicitude de exhibición e entrega da historia clínica e os seus efectos sobre a prescrición

No ditame CCG 81/2015 analizouse se a solicitude da historia clínica no procedemento das dilixencias preliminares que a representación do reclamante formulara, ten ou non efectos interruptivos da prescrición. Neste sentido, cabe sinalar que este Consello (ditames CCG 178/2014, CCG 180/2014, entre outros), ten resolto, en consonancia cos criterios xurisprudencias dominantes, que a conduta descrita carece de efectos interruptivos do prazo máximo para reclamar.

Ao respecto, o citado ditame aludía ás argumentacións contidas na sentenza do 16.12.2011 do Tribunal Supremo, que di:

"La diligencia preliminar para la obtención de la historia clínica constituye una actuación civil encaminada a la exigencia de responsabilidad en dicho orden, en cuyo ámbito pueda resultar adecuada para la pretensión a ejercitar en demanda conforme la naturaleza del procedimiento jurisdiccional civil, que se inicia con demanda en la que se debe identificar a los demandados y de manera acabada narrar los hechos, los fundamentos de derecho y la concreta petición que se deduce, mas carece de necesidad en lo que nos ocupa, donde la reclamación del interesado se inicia mediante instancia en la que procede especificar las lesiones producidas, la presunta relación de causalidad entre estas y el funcionamiento del servicio público y la evaluación económica de la responsabilidad si fuera posible, siendo durante la instrucción del

expediente temporáneamente iniciado cuando puede obtenerse la prueba oportuna, cual es la historia clínica cuando la reclamación dimana del funcionamiento de los servicios públicos sanitarios y los informes periciales consecuentes.

Así resulta también en el interés que subyace en el ejercicio de la diligencia preliminar, que el propio escrito de interposición califica como 'fuente de prueba' de la reclamación, como que 'Hasta que no se obtiene este documento resulta imposible reclamar con fundamento de causa y sin incurrir en temeridad manifiesta', significativo que la falta de determinación en que aquí se quiere sustentar la doctrina de la actio nata, o su interrupción, no se predica tanto del daño causado y de su reclamación oportuna ante otro orden jurisdiccional, como de la fuente de prueba que sea necesaria obtener en la lógica de aquellos procesos en que la pretensión se inicia mediante demanda jurisdiccional, que en todo caso no habilita alterar el régimen de la reclamación de responsabilidad patrimonial deducida, ni por tanto mantener abierta la acción de reclamación al amparo de los preceptos y doctrina jurisprudencial que se cita infringida.

De esta manera, en nuestra Sentencia de 18 de octubro de 2011 (RJ 2012, 1218), recurso 5097/2007, hemos declarado que el tiempo dedicado para la obtención de un dictamen preprocesal para comprender el alcance del diagnóstico, no enerva que quedase desde ese momento anterior determinado el alcance de las lesiones y de la secuela, que marca el inicio del cómputo del plazo para efectuar la reclamación.

CUARTO

- Por lo demás, pocas dudas cabe albergar a estas alturas sobre el sistema de unidad jurisdiccional en materia de responsabilidad patrimonial de la Administración, en el que la Ley 30/1992 , del Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, contempla de manera unitaria y general la responsabilidad patrimonial de las Administraciones públicas, ya sea por una actuación sometida al derecho público como al privado, propia o del personal y autoridades a su servicio, por quienes responde directamente, así como que resulta indiferente el origen legal o convencional de la actividad, la concurrencia con sujetos privados y entidades aseguradoras, o si su naturaleza es prestacional o meramente material, terminando la exigencia de reparación con un acto que por poner fin a la vía administrativa es fiscalizable por los Tribunales del orden contencioso-administrativo.

Es claro, en consecuencia, que el ejercicio de la diligencia preliminar a la acción civil era claramente innecesaria e inadecuada, sin eficacia interruptiva del plazo de prescripción de un año establecido por el art. 142.5 de la Ley de Procedimiento Administrativo , de manera que cuando presentó la reclamación de responsabilidad

patrimonial por funcionamiento anormal de la Administración sanitaria había transcurrido ya más de un año desde que pudo ser ejercitada.

Y si bien dijimos en Sentencia de 24 de octubre de 2011 y 7 de junio de 2011 (RJ 2011, 5075), recurso 895/2007 y 4816/2009, '...que la prescripción de la acción constituye un obstáculo al ejercicio tardío de los derechos que se impone en beneficio de la certidumbre y de la seguridad jurídica, y no en beneficio o con fundamento en la justicia intrínseca. Razón por la que debe merecer un tratamiento restrictivo, que no deje de atender al dato de si aquellos valores de certidumbre y seguridad jurídica están o pueden estar realmente afectados o puestos en peligro en el caso de autos', tampoco supone que el plazo quede abierto de manera indefinida, sino que ha de estarse al momento en el que se concreta el alcance de las secuelas, sin que pueda revivir por el ejercicio de una diligencia preliminar de juicio, para la práctica de lo que procede efectuar en la instrucción del expediente de reclamación, de haberse deducido en tiempo".

Por todo o exposto, finalmente o dito ditame concluíu que tendo en conta que as dilixencias preliminares, relativas á exhibición e á entrega da historia clínica, non interrompen o prazo de prescrición, a presentación da reclamación de responsabilidade patrimonial resultaba manifestamente extemporánea.

5.4. A consideración do dano desproporcionado

No ditame 643/2014 (con entrada no ano 2014, pero emitido no ano 2015) o Consello Consultivo tivo ocasión de recordar, como xa tiña sinalado, entre outros, nos seus ditames CCG 809/2003 e CCG 63/2007, que este tipo de resultados, é dicir, de carácter desproporcionado atendendo á situación clínica previa, só se producen como consecuencia dunha conduta pouco dilixente ou contraria á praxe médica.

De aí que se considerou que aínda que no suposto estudado non existise unha proba directa dun mal funcionamento dos servizos sanitarios si sería posible deducir este, aplicando a regra *res ipsa loquitur*, (a cousa fala por si mesma) e a regra da aparencia de proba, utilizadas polo Tribunal Supremo en diversas sentenzas, como as do 9 de decembro de 1998 e 29 de xuño de 1999. Sinala esta última sentenza que:

"el daño desproporcionado del que se desprende la culpabilidad del autor corresponde a la regla 'res ipsa loqitur' que se refiere a una evidencia que crea una deducción de negligencia, tratada profusamente por la doctrina angloamericana, a la regla del 'anscheinsbeweis' (apariencia de prueba) y, asimismo, a la doctrina francesa de la 'faute virtuelle'; lo que requiere que se produzca un evento dañoso de los que normalmente

no se producen sino por razón de una conducta negligente, que dicho evento se origine por alguna conducta que entre en la esfera de la acción del demandado aunque no se conozca el detalle exacto y que el mismo no sea causado por una conducta o acción que corresponda a la esfera propia de la víctima".

Por estas consideracións, o ditame estimou que no caso a que se contraía este se cumprían os requisitos para aplicar estas regras, concretamente a intervención do Sergas na prestación asistencial, a inexistencia dunha conduta de vítima que puidera ter influído no resultado e unha completa falta de explicación sobre a causa da disección do nervio radial. Xa que non se apreciou que estivésemos ante unha consecuencia propia da cirurxía, senón ante un dano mecánico no tratamento practicado que afecta -sen explicación plausible- o nervio lesionado, o cal puido e debeu ser preservado.

En suma, a conclusión á cal se chegou foi que se daban as circunstancias sinaladas na sentenza do Tribunal Supremo do 6 de decembro de 1996, *"una presunción desfavorable que puede generar un mal resultado cuando éste por su desproporción con lo que es usual comparativamente, según las reglas de la experiencia y del sentido común, revele indicativamente la penuria negligente de los medios empleados, según el estado de la ciencia y las circunstancias de tiempo y lugar, o el descuido en su conveniente y temporánea utilización"*.

